



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2015-2016

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2015-2016

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de xullo de 2016.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluíra as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Queixas.....	10
3.-	Conclusións.....	64
4.-	Referencias estatísticas.....	67
5.-	Anexo.....	71

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, conséntase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2015-2016

2.- ACTUACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.- INTERVENCIONS E MEDIACIONES

M-2016/01

Foi presentado un escrito por un estudante en relación co uso de instalacións dentro do Espazo de Danza da USC. No mesmo expresaba a súa intención de poder utilizar algún local da USC situado no Campus de Santiago para ensaiar as súas propias danzas sen ter que pertencer ao grupo de danza da USC.

No informe que lle foi solicitado ao respecto, o Sr. director da Área de Cultura informa o seguinte:

“1.- Efectivamente, na web do Espazo de Danza hai un apartado referido á posibilidade de “crear o teu propio grupo de danza”, podendo así beneficiarse das prestacións do Espazo de Danza que inclúen

- a posibilidade de acollerse ao Programa de apoio ás compañías de danza da USC
- recibir asesoramento na creación e produción coreográfica
- poder utilizar o servizo de préstamo dos fondos de atrezzo e material técnico da Área de Cultura
- poder solicitar espazo de ensaio.

2.- Para poder gozar destas prestacións, é preciso rexistrarse como compañía escénica no rexistro que a tal efecto existe na Área de Cultura, seguindo as instrucións que se indican na web do Espazo de Danza.

3.- No relativo á solicitude de espazos de ensaio, a Área de Cultura só se pode responsabilizar dos espazos sobre os que ten competencia directa (Sala Luisa Cuesta do Burgo das Nacións) ou indirecta (Sala Baleiro da Facultade de Filoloxía) e sempre dependendo da dispoñibilidade dos mesmos. A Área de Cultura non ten competencia sobre o uso doutros espazos que non sexan os antes ditos (como é o caso, por exemplo, das instalacións deportivas).../o certo é que a obrigatoriedade de pertencer á Compañía de Danza da USC para poder solicitar espazo de ensaio á que se refire quen presenta o escrito non existe, polo menos para os mencionados espazos que dependen da Área de Cultura; o requisito que se esixe é estar rexistrado no Rexistro de Compañías Escénicas da Área de Cultura.

M-2016/02

Foi presentado por unha alumna de Licenciatura un escrito onde pon de manifesto a interpretación errónea da normativa e dos procedementos, que lle levou a non ter solicitado á adaptación ao Grao e rematar os seus estudos cando reunía os requisitos para elo, o que lle ocasiona un enorme prexuízo ao non poder rematar os estudos no presente curso académico.

Mantívose unha xuntanza coa Sra. secretaria xeral para darlle traslado da situación exposta pola alumna co fin de determinar se a información recibida foi a adecuada. Das xestións realizadas dedúcese que a USC ten facilitado información errónea, polo que se concede un prazo excepcional para solicitar a adaptación.

Foi presentado un escrito por un investigador no que manifesta o malestar en relación coa posible exclusión do profesorado colaborador de carácter fixo na convocatoria de Axudas a Grupos de Referencia Competitiva.

O informe solicitado á Vicerreitoría de Investigación e Innovación indica o seguinte:

".../ para os efectos do cumprimento do apartado 2 dos anexos I, II e III enténdese por investigador/a:

1) No caso das universidades do SUG aquela persoa que teña título de doutor/a que forme parte dun grupo de investigación no rexistro da universidade correspondente do SUG e que teña algunha das seguintes categorías:

-Catedrático/a ou profesor/a titular da Universidade ou de escola Universitaria.

-Contratado/ a dos Programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva ou posdoutorais MINECO, posdoutorais IZC da Xunta de Galicia (agás aqueles que están na súa fase de estadía no estranxeiro), ou Marie Curie (neste último caso sempre que teña adscrición a unha universidade do SUG durante toda a vixencia da axuda).

-Profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a axudante doutor/a.

-Profesor/a asociado/a de Ciencias da Saúde {PACS}.

En ningún caso terán a consideración de investigadores/as, para os efectos da convocatoria, os/as profesores/as visitantes, o resto dos/as asociados/as, os/as profesores/as colaboradores/as, os/as profesores/as eméritos/as, os/as contratados/as con cargo a proxectos e os/as lectores/as".

3.-Estas restricións non son novas, xa viñan establecidas en convocatorias de anos anteriores.

4.-En diferentes ocasións esta Vicerreitoría trasladou á Xunta de Galicia suxestións sobre diversos aspectos desta e doutras convocatorias e especialmente sobre o concepto de investigador. Nalgúns casos estas suxestións foron atendidas pero noutros non.

5.-Esta Vicerreitoría reiterará esa e outras suxestións ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pero debe terse en conta que é unha convocatoria propia da Xunta de Galicia, na que as Universidades do SUG no participan na súa redacción."

2.2.- QUEIXAS

Q 1509/01

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación co proceso de admisión e matrícula nos dobres graos de Enxeñaría Informática – Matemáticas e de Matemáticas – Física ofertados pola USC. En resume expoñía:

En el momento de la matrícula se convocaron en ambos grados 12 plazas. En Matemáticas–Física se matricularon 11 alumnos y se cerró la matrícula, mientras que en Ingeniería Informática–Matemáticas se convocaron igualmente 12 plazas, pero se matricularon 9. Posteriormente, uno de los matriculados renunció, quedando solo 8, por lo que en la segunda convocatoria se convocó a dos alumnos más, alcanzándose el número de 10 y cerrándose la matrícula. Es decir, los dos grados cierran la matriculación con un número distinto de plazas, 11 y 10 respectivamente, habiéndose ofertado, en un principio el mismo número de plazas en ambos.

O informe explicativo solicitado ao Sr. presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) indicaba:

“PRIMEIRO.- Que tal e como o propio interesado relata no seu escrito tanto no dobre grao de Enxeñaría Informática - Matemáticas como no de Matemáticas - Física foron convocados a matrícula un número de solicitantes lixeiramente superior ao número de prazas ofertadas en previsión de que, dado as preferencias dos alumnos convocados, o número real de matriculados sexa o establecido no límite de prazas ofertado pola universidade e aprobado pola Conferencia General de Política Universitaria.

SEGUNDO.- Que finalizado o 1º prazo de matrícula establecido entre o 15 e 17 de xullo de 2015, dos 12 alumnos convocados para o dobre grao de Enxeñaría Informática - Matemáticas, inicialmente exerceron o seu dereito a matrícula en prazo e forma 9 alumnos que tiñan o dobre grao en 1ª preferencia. Antes da publicación da convocatoria do 2º prazo de matrícula (21 de xullo de 2015) un dos 9 alumnos matriculados renunciou á súa matrícula, quedando 8 alumnos matriculados.

TERCEIRO.- Que no 2º prazo de matrícula foron convocados a matrícula 3 alumnos da lista de agarda en previsión de que se matriculasen dous deles xa que tiñan o dobre grao de Enxeñaría Informática - Matemáticas en 1ª preferencia, mentres que 1 dos convocados tiña o dito dobre grao en 2ª preferencia.

CUARTO.- Que finalizado o 2º prazo de matrícula, dos 3 alumnos convocado exerceron o seu dereito a matrícula en prazo e forma os 2 alumnos que tiñan dobre grao de Enxeñaría Informática - Matemáticas en 1ª preferencia, quedando pois o número de prazas ofertadas (10) cuberto.

QUINTO.- Polo que fai referencia ao proceso de convocatoria de matrícula e matrícula do dobre grao en Física - Matemáticas, no primeiro prazo de matrícula foron convocados a matrícula 12 alumnos, 11 dos cales tiñan o dobre grao en Física- Matemáticas en 1ª preferencia, coincidindo cos 11 alumnos que, unha vez convocados, exerceron o seu dereito a matrícula en prazo e forma, quedando a titulación pechada.

SEXTO.- Que unha vez cuberto o número de prazas ofertado pola Universidade de Santiago de Compostela para o dobre grao de Enxeñaría Informática - Matemáticas (10 prazas) a oferta dase por pechada e non se procede convocar a máis alumnos, agás que antes da data de finalización do 8º e derradeiro prazo (do 21 ao 23 de outubro) de matrícula se producisen renuncias de alumnos xa matriculados que deixasen a matrícula da titulación por debaixo do número de prazas ofertadas.”

Q 1509/02

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación coa oferta de prazas universitarias en setembro e a non existencia de reserva dunha cota para deportistas de alto nivel ou alto rendimento.

Solicitado informe ao respecto ao Sr. presidente da CiUG no mesmo indica:

.../ TERCERO.- Que según establece el RD 412/2014, de 6 de junio en su artículo 27, “se reservará un porcentaje mínimo del 3 por 100 de las plazas ofertadas por las Universidades para quienes acrediten su condición de deportistas de alto nivel o de alto rendimiento y reúnan los requisitos académicos correspondientes” debiendo las universidades “mantener el cupo de plazas en las diferentes convocatorias que se realicen a lo largo del año”.

CUARTO.- Que finalizada la convocatoria de 6º plazo de matrícula, en el grado hay un único alumno matriculado en dicha titulación por el cupo de Deportistas de Alto Nivel o Alto Rendimiento, quedando vacante 1 plaza en dicho cupo.

SEXTO.- Que en virtud de lo establecido en el artículo 27 del citado RD 412/2015, aquellos alumnos que acrediten su condición de Deportistas de Alto Nivel o Alto Rendimiento y reúnan los requisitos académicos correspondientes podrán hacer solicitud de las plazas reservadas a dicho cupo que aqueden vacantes de la convocatoria ordinaria (junio 2015) en los plazos y forma establecidos en la convocatoria de solicitud de admisión en titulaciones con límite de plazas existentes en el Sistema Universitario de Galicia (SUG) para el próximo curso 2015-2016 (Convocatoria Extraordinaria – Septiembre).

Q 1509/03

Foi presentado un escrito de queixa por unha persoa inscrita nun curso en relación coa demora na devolución de taxas de matrícula abonadas. Motivado porque distintas persoas interesadas inscribíronse e matriculáronse, mais con posterioridade se lles comunica a non existencia de prazas vacantes e que se procederá á devolución de taxas a aquelas persoas inscritas que non puideron asistir ao curso.

O informe solicitado ao director do curso pon de manifesto que “en último termo a explicación desta demora na devolución das taxas a alumnos/as que non puideron realizar o curso baséase nos propios procedementos de xestión da contabilidade da USC. Dado que os pagamentos das inscricións se fan na conta xeral de ingresos da USC, e calquera devolución ten que ser efectuada polo Servizo de Contabilidade”. E informando que por parte da dirección e secretaría do curso intentouse facilitar os trámites e se mantivo informadas a todas as persoas do que estaba pasando.”

Q 1509/04

Foi presentado un escrito por un doutorando en relación co proceso de adaptación ao novo programa de doutoramento:

.../4.- Que o programa de doutoramento regulado polo RD 778/98. No que estou inscrito está a extinguirse, polo que ao non poder entregar a tese de doutoramento no prazo establecido (ata o 30/09/2015, ou contando coa concesión da prórroga excepcional, ata o 13/11/2015), para continuar estudos, pódese solicitar a admisión e recoñecemento de estudos pola vía da adaptación ao novo Programa de Doutoramento.

5.- Que solicitou dita adaptación ao novo programa de doutoramento, de tal xeito que as actividades, publicacións,... realizadas no anterior programa poderían computar como realizadas no novo,) de acordo co disposto no artigo 48 da Convocatoria de Matrícula para o curso académico 2015-16 da USC, e dentro dos prazos do Anexo I (do 22 de xuño ao 3 de xullo).

6.- Que na Convocatoria de Matrícula para o curso académico 2015-16 da USC, no citado artigo 48.- ADMISIÓN E RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS POLA VÍA DA ADAPTACIÓN DOS ALUMNOS DE ANTERIORES ORDENACIÓNS DA USC OU DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS A PROGRAMAS REGULADOS POLO REAL DECRETO 99/2011, di o seguinte: "O alumnado que estivese cursando estudos na USC en programas con regulacións anteriores, ou programas interuniversitarios, e que ademais figurara matriculado neles nun mínimo de dous cursos entre os últimos catro, poderá solicitar a admisión e recoñecemento deses estudos anteriores nun programa do Real decreto 99/2011 pola vía de adaptación conforme ao disposto na Resolución Reitoral de 11 de novembro de 2013. Co cal obriga a estar matriculado dous cursos dentro dos catro últimos.

O informe remitido dende a Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo indicaba:

".../2º No artigo 48 de "Admisión e recoñecemento de estudos pola vía da adaptación dos alumnos de anteriores ordenacións da USC ou de programas de doutoramento interuniversitarios a programas regulados polo real decreto 99/2011, se establecía que para poder solicitar a adaptación no curso 2015-216 o alumno debería figurar matriculado nesas normativas alomenos nun mínimo de dous cursos entre os últimos catro.

3º Revisado expediente do alumno indicado consta o seguinte:

- Presentou un proxecto de tese no curso académico 2000-2001
- Non consta formalización de matrícula en ningún curso académico
- Consta unha liquidación emitida de matrícula no curso 2006-2007 pero non consta o pagamento da mesma.
- Consta unicamente a matrícula no curso 2014-2015

Esta circunstancia é debido a que nas anteriores normativas non "esixía" a obrigatoriedade de formalizar matrícula, para non ser dado de baixa do programa como si que se establece na actual normativa.

4º Con data 29 de xullo publicouse na Sede Electrónica da USC a Resolución Reitoral sobre as admisións e desestimacións das solicitudes presentadas no prazo, e este alumno figura desestimado ao non cumprir o requisito establecido para poder solicitar a adaptación no presente curso 15-16, segundo a convocatoria oficial.

5º Non consta recurso de reposición presentado polo interesado."

Q 1509/05 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante dun grao en relación coa protección de datos de carácter persoal no proceso de adxudicación de prazas en servizos para a realización de prácticas. No escrito en resume expón:

".../solicitaba que desde el Decanato se me adjudicara plaza para la realización de dichas prácticas acorde con mis patologías y estado de salud actual, me he visto obligada a comunicarme con mi delegada en el mes de agosto y antes de que hiciese todo el sorteo de plazas. Mi situación es que tengo un certificado de discapacidad, dato y echo que creo que no debe conocer más que aquella persona que yo quiera informar o en este caso las personas autorizadas de la USC.

Los servicios que me han adjudicado en el primer cuatrimestre se ajustan a mis necesidades pero me gustaría que se revisase este caso en particular para que en futuras adjudicaciones de servicios u otras acciones que conlleven que los delegados sean los encargados de las mismas se proteja mi intimidad y mis datos personales."

Admitida a queixa a trámite, solicitouse informe ao Sr. decano da Facultade, no que se indica:

En primeiro lugar quero manifestarlle que este alumno en ningún momento se puxo en contacto con este Decanato acudindo en primeira instancia a queixarse ao Sr. Valedor o que ao meu xuízo non é o

procedemento correcto. Con esa conduta impediu que desde o decanato puidésemos axudarlle a preservar a súa intimidade e datos persoais ao non ter coñecemento da súa situación.

O procedemento establecido na Facultade para asignación de grupos de prácticas levase a cabo en colaboración cos representantes dos alumnos (delegados de curso) baixo a supervisión do Vicedecano de Docencia. É o único procedemento posible para poder iniciar as prácticas o primeiro día de curso dado que oficialmente na Facultade non dispoñemos con anterioridade de listas de alumnos para facer a asignación.

Á vista do exposto pode apreciarse a dispoñibilidade do Decanato da Facultade a garantir que se preserve a intimidade e datos persoais dos alumnos en circunstancias como a descrita na queixa. Na práctica, o procedemento empregado segundo a testemuña da alumna non parece o máis axeitado:

“.../la delegada de mi clase (al igual que otros delegados) ha dicho por medio de grupos de Facebook, grupos de Whatsapp que serían ellos los encargados de hacer un sorteo para la futura adjudicación de servicios y alumnos.

En mi caso y viendo que la secretaría de la Facultad no me respondió a un email enviado en Julio en el cual solicitaba que desde el Decanato se me adjudicara plaza para la realización de dichas prácticas...”

Por iso, recomendo que sexa a propia Facultade quen informe ao alumnado sobre o procedemento que ten establecido para asignación de grupos de prácticas e sobre todo, do protocolo de actuación que teñen que seguir aqueles alumnos que teñan algún tipo de circunstancias persoais especiais, a través dalgún sistema que garanta o seu coñecemento por parte do alumnado, como pode ser, por exemplo, a páxina web do centro, ou outro que considere oportuno.

En relación coa recomendación efectuada o Sr. decano da Facultade comunica que:

“.../infórmolle que se procedeu a engadir o seguinte parágrafo aos procedementos de organización das practicas I, II e III, do curso 2015/16 que figuran na páxina web do centro:

Aquellos alumnos con circunstancias personales especiales que deseen preservar su intimidad y datos personales en la elección de plazas, deben ponerse en contacto con el Sr. Vicedecano.”

Q 1509/06

Foron presentados dous escritos de queixa en relación co proceso de admisión/matrícula telemática nos Máster, motivados por un fallo no sistema informático.

No primeiro escrito indicábase:

Tras quedar de primeira na lista suplentes, o 18 de agosto comezaba o período de matriculación sen lista de agarda, no que a matrícula sería para o primeiro que conseguise matricularse á hora indicada (10:00 h de ese mesmo día). Por problemas informáticos, ese mesmo día a secretaría virtual non funcionou para ningún de nós, de xeito que ninguén puido matricularse.

A miña sorpresa e motivo de este correo chega cando me informan de que as prazas que supostamente se ían asignar por hora de matriculación, agora vano facer por hora de envío do correo ao CAU. É dicir, pese a que eu (coma probablemente todos) estiven intentando matricularme ás 10 en punto como procedía, agora non teño ningunha posibilidade de optar ás parazas vacantes pois enviei o correo unhas horas despois. Tras ler a normativa vixente sobre a matrícula, nesta só aparece que as prazas se asignarán por orde de matrícula, mais non cal sería o criterio a seguir baixo algún incidente. Pero, con esta decisión, a partir de agora as prazas que queden libres seguiranse asignando pola hora do envío ao CAU da semana pasada. De forma que se me está “vetando” a posibilidade de intentar “loitar” por algunha das prazas vacantes

No segundo expoñíase que:

Realicei a solicitude ás 10:03 h e ante a imposibilidade de formalizar a matrícula púxenme en contacto coa Oficina de Información Universitaria (OIU), onde me indicaron que debía notificar a incidencia ao Centro de Atención a Usuarios (CAU), de modo que así o fixen.

O 25 de agosto pola mañá chamei de novo a OIU onde me informaron de que a única praza vacante que se ofertara xa estaba adxudicada e que para a súa asignación se tivera en conta a hora de comunicación da incidencia ao CAU, en vez de a hora de realización da solicitude.

Nos informes solicitados o Servizo de Xestión Académica indicaba respectivamente:

Nas vacantes ofertadas, debido a un erro na aplicación informática dentro do módulo específico deste máster ningún alumno puido matricularse de acordo co establecido. Solicitado informe técnico á área TIC, asignáronse as prazas vacantes segundo a hora de intento de matrícula a través da secretaría virtual.

Á alumna asignóuselle unha praza vacante na especialidade solicitada, tras o informe técnico, e figura matriculada.

E no outro caso:

Na listaxe de prazas vacantes publicada o 24 de agosto, tras esgotar as convocatorias establecidas, ofertouse unha praza no Máster. O proceso de matrícula comezaba ás 10:00 h, información que figuraba na listaxe publicada.

Solicitados informes técnicos á área TIC, infórmase a este Servizo que o alumno matriculado na praza vacante ofertada formalizou a mesma ás 10:03:35.790 h do 24 de agosto.

Os alumnos con solicitude previa, que non obtiveran praza no período ordinario podían acceder á súa solicitude con anterioridade ao inicio de matrícula, aínda que non podían comezar o proceso de matrícula antes das 10:00 h. A hora que alega a interesada e que lle foi proporcionada en primeira instancia neste servizo, corresponde á hora de entrada a través da secretaría virtual na solicitude do alumno que obtivo a praza vacante.

A alumna de acordo cos informes proporcionados non fixera solicitude previa durante o período ordinario. Polo tanto o alumnado sen solicitude ordinaria para poder matricularse ten que introducir os datos persoais e académicos necesarios antes de formalizar a matrícula. O informe da área TIC indica que a alumna conseguiu rematar este proceso de solicitude e puido comezar o intento de matrícula ás 10:03:13.057 h.

O proceso de matrícula confirmase tras indicar se ten algunha exención na matrícula, as materias que solicita cursar e a forma de pagamento .

Por tanto o sistema non permitiu formalizar matrícula á alumna, xa que o alumno que confirmou a mesma rematou o proceso ás 10:03:35.790 h.

Q 1509/07

Foron presentados escritos por estudantes da Licenciatura en relación coa imposibilidade de realización das “Prácticas Tuteladas” na segunda quenda (setembro-febreiro) que oferta a Facultade antes da extinción da Licenciatura, o que implicaría ter que adaptarse ao Grao. Nos escritos expoñen:

Escrito 1º:

Alumnos de licenciatura que nos acogemos al artículo 13 si tenemos 2 o más anuales no podemos ir a fin de carrera, por lo que no podemos hacer las prácticas de febrero a julio, acabaríamos en mayo que es cuando nos computan al expediente esas asignaturas pero después en septiembre ya se extingue la licenciatura y no tendríamos opción de hacer las prácticas y nos tendríamos que pasar al grado por unas prácticas.

Escrito 2º:

.../Otro punto en el que me gustaría hacer hincapié es en el tema de las prácticas, obligatorias en la titulación. Estas prácticas se realizan en dos turnos, de septiembre a febrero y de febrero a septiembre. Bien, si tenemos en cuenta que este año es poco probable que nos dejen presentarnos en la convocatoria de septiembre a los que no cumplimos el incoherente requisito ya mencionado, parece lógico que el año que viene nos den otra oportunidad similar a los alumnos cuya titulación se extingue el próximo año. Pero me pregunto yo, de qué nos sirve poder presentarnos a los exámenes en septiembre si no podemos realizar las prácticas? En mi caso, al tener materias anuales de la licenciatura y cursarlas al amparo del artículo 13 por el grado, hasta junio no me aparecen en el expediente y por lo tanto, hasta junio no podría solicitar las prácticas. Y si el último turno de prácticas es el de febrero - septiembre, tendremos que pasarnos al grado todos los que estamos en la misma situación por culpa de unas prácticas.

Trasladáronse as mesmas á Secretaría Xeral e articulouse a Normativa co fin de solventar situacións como as expostas nas queixas:

O Consello de Goberno do 14 de maio de 2009 acordou que os estudantes matriculados en planos de estudo en extinción gozasen de catro convocatorias de exame adicionais (dúas por cada matrícula), contadas a partir da data de extinción oficial do curso correspondente, e que coincidirían cos dous cursos consecutivos ao de implantación do novo plano de estudos.

Co obxecto de regular este acordo e a súa aplicación ás titulacións que conteñen no plano de estudos materias obrigatorias ou materias troncais con requisitos de matrícula específicos ditouse a Resolución do 31 de xullo de 2013, que afecta ás titulacións nas que o alumnado debía presentar un Proxecto Fin de Carreira para poder titularse, e que se mencionaban no Anexo á resolución .

Aos efectos de incorporar as titulacións que non figuran recollidas na resolución citada, esta reitoría Resolve:

PUNTO ÚNICO. O alumnado matriculado nos planos de estudos das titulacións que se relacionan no Anexo que supere todas as materias da titulación (agás os Proxectos Fin de Carreira , as Estancias, etc.) dentro do período de extinción ordinario do plano de estudos disporá dun curso académico máis con dúas convocatorias adicionais para superar estas materias con requisitos de matrícula específicos.

Q 1509/08 => Recomendación

Foron presentados escritos por estudantes das Licenciaturas en relación coa imposibilidade de concorrer á Oportunidade Extraordinaria de recuperación de Setembro de 2015 para o alumnado que cursou materias dos planos de estudos en extinción polo Grao.

Nos escritos descríbense situacións de carácter persoal de distinta índole (enfermidade, laborais, desprazamento...) que impediron aos alumnos presentarse a algunha das dúas oportunidades da convocatoria do curso e ter en ambas a cualificación de “suspenso” antes da realización desta nova oportunidade. Non cumprindo así totalmente co segundo criterio establecido para poder optar á Oportunidade Extraordinaria: ter a cualificación de “*suspenso*” nas dúas oportunidades do curso 2014-15.

Por iso *recomendo, que faga as xestións oportunas para que o órgano competente (Consello de Goberno) atendendo ás circunstancias descritas, modifique o segundo requisito/condición para poder acceder á oportunidade extraordinaria de recuperación.*

En relación coa presente recomendación o Consello de Goberno da USC na sesión ordinaria celebrada o día 8 de outubro de 2015 aprobou a modificación do acordo sobre concesión dunha oportunidade extraordinaria de recuperación establecendo que o alumnado ao que lle falten por superar materias poderá realizar un novo exame nunha única oportunidade de recuperación se cumpre as seguintes condicións:

1. Que o alumnado teña un máximo de 3 materias ou 18 créditos e que se estean a cursar polo Grao, ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación.
2. Que teña a cualificación de “suspenso” nas dúas oportunidades do curso 2014/15 ou simplemente de “suspenso” e “non presentado” nese mesmo período.

Q 1509/09

Foi presentado un escrito de queixa por alumnas que no pasado curso académico 2014/2015 cursaron un Máster en relación coa demora na expedición dos títulos:

3. “Se trata de un Máster Interuniversitario organizado por las Universidades de Santiago de Compostela, Salamanca, Barcelona y Valencia. A lo largo de este curso, las alumnas matriculadas en el mismo (por la USC), hemos cursado y superado todos los créditos necesarios para la obtención del título, pero a la hora de expedirlo, nos comentan que NO es posible en este momento, ya que dos de las Universidades (según nos comunica nuestro coordinador de Máster, se trata de las universidades de Salamanca y Barcelona) no han publicado la resolución del máster en el Ministerio. Esto nos imposibilita obtener nuestro título, tanto el definitivo como el provisional, y nos encontramos con la inexistencia de documentación oficial que acredite que hemos cursado todos los créditos y que somos tituladas, algo que nos perjudica notablemente a la hora de acceder al mundo laboral.

Engadir que, postos en contacto co Sr. coordinador do Máster corrobora que o mesmo está pendente de aprobación/publicación por parte da Junta de Castilla y León.

No informe solicitado o Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa ratifica o carácter do Máster como Interuniversitario e detalla de xeito exhaustivo o procedemento seguido para a autorización de implantación do mesmo estando pendente de aprobación e publicación a correspondente á Universidad de Salamanca e da Comunidad Autónoma de Castilla y León, e enumera as múltiples xestións efectuadas dende a USC ao longo do tempo co fin de imprimir celeridade ao proceso.

Dende o Valedor solicitamos ao Defensor Unviersitario da Universidad de Salamanca que efectúe as actuacións que considere oportunas, para que na medida das súas posibilidades, colabore na procura dunha solución.

O Sr. reitor da USC dirixiu un escrito á Consejería de Educación da Junta de Castilla y León dándolle traslado da problemática e solicitando a adopción das medidas oportunas para que se autorizara a implantación da titulación nesa Comunidade Autónoma.

Respostando o Sr. consejero de Educación o seguinte:

.../Al respecto he de anunciarle que, de manera inminente, voy a proceder a elevar al Consejo de Gobierno de la Junta de Castilla y León el Acuerdo por el que se autorice la implantación de, entre otros, el título de máster que su universidad coordina.

.../

En todo caso, como le indicaba anteriormente, en breves semanas comunicaremos al Consejo de Universidades la autorización de implantación para que continúe con el procedimiento que desemboque en la inclusión en el RUCT del Máster Universitario.

Con posterioridade dende os Servizos da USC corrobora que teñen finalizado os trámites.

Q 1509/10

Foi presentado un escrito por un alumno do que se desprende que se produce unha confusión entre o dereito á adaptación curricular motivada polo grao de discapacidade que ten recoñecido (que en ningún caso

significa dereito a exención total de docencia) e a incompatibilidade da súa xornada laboral coa da actividade lectiva na titulación que está a cursar, que non xera ningún dereito.

Polo que se lle informa que non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que o expresado no mesmo non pon de manifesto que se teña conculcado algún dereito ou liberdade dalgún membro da comunidade universitaria.

Q 1509/11

Foi presentado un escrito de queixa asinado por alumnas da USC en relación coa periodicidade das convocatorias dos Premios Extraordinarios de Doutoramento na USC. No escrito expoñen:

En relación coa convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento, que o Regulamento dos Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (DOG 164 do 29/08/2012) especifica no Capítulo 9 Artigo 44 que:

"A Universidade establecerá o procedemento de concesión dos premios extraordinarios e anualmente fará a súa convocatoria, na cal se incluírá a relación de criterios específicos que se aplicarán na selección das teses para poder conceder a mención do premio extraordinario.

A Reitoría, por proposta da Comisión de Doutoramento da USC, nomeará anualmente o/os tribunal/ais encargado/s de elaboraren a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento".

A pesares desta normativa, vense observando que, por motivos descoñecidos, as sucesivas convocatorias se están a efectuar con regularidade nun período de dous anos posterior á lectura das correspondentes teses doutorais. Deste modo, os alumnos que leran as teses no curso 2012/2013 terían que optar a este premio na convocatoria do ano 2015.

O Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional (EDI) enviou informes indicando:

"Por diferentes motivos, a convocatoria do premio extraordinario de doutoramento para o curso 2012-2013 tivo que demorarse.

Ata de agora, os Centros da USC eran os encargados de convocar os premios extraordinarios, unha vez que a Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, lles remitise a relación de posibles solicitantes do premio. Informámoslle que nalgúns Centros, durante o procedemento de concesión do premio para as teses defendidas no curso 2011-2012 producíronse algunhas incidencias que provocaron a demora da súa resolución.

Outro motivo foi a problemática xurdida coas diferentes valoracións dunha tese dependendo da distinta normativa que as pode regular (Real Decreto 778/1998 e Real Decreto 1393/2007).

Estes e outros motivos levounos a estudar a fondo as problemáticas xurdidas durante esta convocatoria para, como non podería ser doutro xeito, tentar subsanalas para vindeiras edicións e deixar unhas pautas do procedemento de actuación para os Centros, solicitantes e avaliadores máis claras.

.../estamos a traballar nas convocatorias de premio extraordinario de Doutoramento para os cursos 2012-2013 e 2013- 2014. Ditas convocatorias foron aprobadas pola EDI na xuntanza da Comisión Executiva que tivo lugar o día 14 de outubro de 2015. Estamos á espera de que os Servizos Informáticos nos faciliten a listaxe de doutores que poden concorrer a estas convocatorias para proceder a súa publicación .

Con respecto á solicitude de convocar tamén o premio extraordinario para as teses defendidas no curso 2014-2015, informámoslle que a EDI non considera operativo a publicación de tres convocatorias conxuntamente, e entende que a xestión de tres convocatorias tanto para a Escola de Doutoramento como para os centros sería moi problemática. Informámoslle que se as dúas convocatorias a publicar en

breve transcorren con normalidade, a convocatoria para o curso 2014-20 15 podería facerse no primeiro trimestre do ano 2016, unha vez rematada a xestión das convocatorias anteriores.”

Q 1509/12

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación co non recoñecemento dos estudos cursados no curso B1.2 de inglés por ter superado un número de faltas de asistencia ao mesmo, no que expón:

“Cuando comienzo el curso, mi profesora me ofrece cambiarme a un curso superior ya que considera que mi nivel es superior y me pasan al curso B2.1. Así que pasadas dos semanas cambio de clase y de profesora. Cuando empiezo con las prácticas por las mañanas, ya que mi horario de clase es de tardes, pongo en conocimiento de mi profesora los días que me coinciden en horario y no puedo asistir para que sepa el motivo de mi falta. En ningún momento se me pone ninguna pega ni se me informa de que hay un número de faltas que no puedo rebasar. Hago las pruebas de febrero que apruebo y posteriormente me presento a los finales. Después de pasar el escrito y determinar el oral, el último día, la profesora me dice que no me van a dar el certificado del curso porque, aunque estoy aprobada, tengo más faltas de las permitidas. En ningún momento me informaron de nada. Fui al CLM y me dijeron que podía hacer una reclamación a través de su web. Al parecer el número de faltas permitidas son 16 y yo tengo 21.”

Solicitado informe ao Centro de Linguas Modernas (CLM) indican o seguinte:

“Revisada a documentación relacionada coa queixa da alumna, e consultada a asesoría xurídica da USC, entendemos que non procede que a queixa que nos tiña presentado sexa admitida a trámite, porque, a normativa que rexe os cursos do CLM da USC e que se está a aplicar está exposta ao público por varias vías accesibles aos estudantes:

- no apartado de Normativa na páxina web do CLM
<http://www.usc.es/gl/servizos/clm/normativa.html>

- na programación dos cursos do CLM, neste caso de inglés
<http://www.usc.es/gl/servizos/clm/cursos/ingles/programas.html>

- no aula virtual que emprega o profesorado e onde están dados de alta os estudantes do curso en cuestión

Amais, o profesorado informa na primeira clase a todas as persoas matriculadas sobre os requisitos de aprobación da materia.

En vista dos feitos, dende a dirección non podemos contradicir á normativa que se está a aplicar tamén a outros estudantes. Tivemos casos parecidos en cursos de inglés que non obtiveron o aprobado polas mesmas razóns.”

Q 1510/01

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno, deportista federado do club USC e Delegado da categoría Máster da Sección de Natación, en representación dos nadadores federados do club USC. No escrito expón:

.../poñer en coñecemento e intentar resolver, dentro do posible e sen prexuízo para ninguén, o que consideramos un agravio comparativo para cos deportistas de natación da USC e os usuarios da piscina universitaria en xeral, xa que non podemos dispor das instalacións en momentos do ano nos que nós consideramos tanto importantes dende o punto de vista deportivo coma factibles dende o punto de vista da instalación.

Solicitamos se reconsidere por parte do Servizo de Deportes da USC o calendario de apertura e peche das instalacións para o curso 2015-2016, e sucesivos; en concreto solicitamos a apertura da piscina universitaria os días 21, 22 e 23 de Decembro e 4 e 5 de Xaneiro (vacacións de Nadal), 21, 22 e 23 de Marzo (Semana Santa) e o mes de Agosto

Solicítase informe á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, no que se indica:

“.../- Na elaboración do calendario de apertura das instalacións, a dirección e os técnicos do Servizo han de dar cabida ás diferentes modalidades da oferta deportiva e perfíles de usuarios, ademais de dar cumprimento ás normativas que en materia de seguridade e mantemento das instalacións estean regulamentadas e as relativas aos dereitos dos traballadores, así como ter en conta os efectivos de persoal dos que se dispón para o funcionamento das instalacións e o regulamento de cada unha delas. Os peches que están programados obedecen sempre a algunha imposibilidade que ven dada polo cumprimento dalgunha normativa. En ningún caso séguese o criterio do número de licencias das distintas seccións do Club USC para programar os peches, polo contrario contéplase o conxunto de usuarios, circunstancias e condicionantes.

- No caso concreto da piscina, e a diferenza do estadio de atletismo co que se fai a comparativa na queixa, ademais do persoal encargado da apertura, peche e control de acceso á instalación como require calquera instalación, compre para o seu funcionamento a presenza en todo momento dun socorrista, e a supervisión, control e seguimento da calidade da auga esixida pola lexislación que lle é de aplicación; a presenza deste persoal especializado non se contempla no estadio de atletismo. No mes de agosto realízase o baleirado e enchido do vaso da piscina para a súa limpeza en profundidade, mentres que o estadio, polas súas características, necesita no período estival un mantemento especial que posibilita a súa apertura.

- En agosto, mes de maior incidencia vacacional por parte dos/as usuarios/as, no nadal e na semana santa, concéntranse os días de disfrute das vacacións e permisos aos que teñen dereito os traballadores da piscina e que doutro xeito non poderían exercer, e faise así de conformidade coas Instrucións que publica Xerencia para cada ano relativas ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario de persoal de administración e servizos. No ano actual, a Instrución IV/2015 de Xerencia, no punto sexto relativo ao peche de dependencias e incidencia nos períodos de vacacións e/ou permisos, de conformidade co Plan de Sustentabilidade Financeira 2011, aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social, concreta o peche das instalacións deportivas durante todo o mes de agosto e durante unha semana do nadal, a excepción do estadio que permanecerá aberto en xornada de mañá durante o mes de agosto.

- O curso deportivo marca o inicio e o fin que encadra a planificación, desenvolvemento e seguimento das actividades físico deportivas no curso académico, a súa xestión administrativa e efectos académicos, de selo caso . Como é propio de calquera calendario, os elaborados polo Servizo de Deportes da USC para as instalacións e para as actividades deportivas, informan aos/ás usuarios/as sobre o carácter lectivo ou non de cada día do ano e os días de apertura e peche de cada instalación e con este fin publícanse no web do Servizo e nos taboleiros das propias instalacións con anterioridade ao inicio do curso . Precisamente dito calendario e un dos criterios que se utilizan para fixar os prezos públicos da oferta deportiva do Servizo.

- O Servizo de Deportes fai todo o posible por buscar solucións para facilitar o acceso e a preparación dos deportistas do Club USC, pero non sempre é posible cubrir todas as demandas que se plantexan.

Por tanto, consideramos que non existe tal agravio comparativo e que non resulta factible acceder ao que solicitan na queixa.”

Q 1510/02

Queixa presentada por un estudante de Grao no Campus de Lugo en relación coa modificación das datas de realización das actividades docentes nunha materia. No escrito expón:

1. Que no curso académico 2014-2015, o alumno solicita poder realizar a materia correspondente ao Grao, no SERGAS seguindo as bases da convocatoria de prácticas preprofesionais USC-SERGAS, convocadas pola Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa con data de 6 maio 2015.

O alumno da por sentado que ditas prácticas se realizarán na cidade onde radica o Campus onde estuda. Pero a finais de maio, aparece aprobada a súa solicitude pero con destino na cidade de Santiago de Compostela.

O alumno, ao non ter ningunha posibilidade de dar feito estas prácticas, solicita unha nova empresa onde realizar a materia de Prácticas en Empresa.

2. Que lle son concedidas as prácticas noutra empresa de Lugo. Nesta empresa, o alumno inicia as prácticas o día 13 de xullo 2015 en quenda de mañá, xa que a empresa está en horario de verán.

3. Que o día 27 de xullo, notifícaselle ó alumno por parte da empresa onde traballa, que se lle modifica o posto de traballo para un servizo de quenda fixa de mañás, de luns a venres. A empresa na que desenvolve as prácticas está neste tempo cun horario de verán, polo que só está a traballar en quenda de mañá, ata o mes de outubro no que comeza a desenrolar a súa actividade laboral de mañá e de tarde.

4. Que ante esta situación, o alumno fai a solicitude de aprazamento das prácticas ata que se inicie o horario de inverno por parte da empresa na que fai as prácticas.

Solicitouse informe á UXA no que indicaba:

.../4. Con data 06/10/2015 infórmase á Escola que a materia non figura superada na acta do curso académico 2014/2015 e para cursala no curso académico 2015 /2016 o estudante debe formalizar a súa matrícula”

Por outra banda, o escrito remitido pola Dirección da E.U. de Relacións Laborais de Lugo expoñía:

1.- Que a E.U. de Relacións Laborais de Lugo actuou conforme ás prácticas administrativas e regulamento interno da USC e da Escola; notificando á Unidade de Xestión Académica das modificacións sufridas polo alumno debido a causas de forza maior.

2.- Que actuando baixo solicitude do alumno, e baixo xustificación por parte da empresa en cuestión; realizouse a notificación de aprazamento das prácticas de Grao.

3.- Que a data 19 de Outubro de 2015, o alumno continúa realizando as prácticas.

4.- E que resolveu o aprazamento das prácticas e manter a matrícula do curso 2014/2015 en virtude da aceptación, pola súa parte, da UXA do Campus de Lugo.

Por iso, deuse traslado da presente documentación á Secretaría Xeral co fin de que se analizara a situación descrita na procura dunha solución que ocasione os menos prexuízos ao alumno, tendo en conta que a modificación das súas condicións laborais se teñen producido de forma sobrevida unha vez iniciadas as prácticas e as datas de realización das mesmas condicionadas polo período vacacional da empresa na que as desenvolve. Ámbalas situacións alleas e non predicibles polo estudante.

Dende Secretaría Xeral comunican a análise da situación exposta, concluíndo:

a) A non realización das prácticas foi por causa imputable ao alumno, non por causa imputable ao Centro.

b) O alumno no curso 2014-15 non superou as prácticas, polo que a súa cualificación debe de ser de "suspenso".

c) A realización de novas prácticas no curso 15-16 implica unha nova matrícula.

d) O cambio de quenda na súa empresa non é un dos motivos de adaptación curricular recollidos entre os dereitos do Estudiantado da USC.

e) Pola contra é un dereito dos traballadores a elección de quenda na súa empresa como consecuencia de realización de estudos oficiais.

Q 1511/01

Foron presentados escritos de queixa por catro estudantes estranxeiras, non nacionais de Estados membros da Unión Europea. Nos escritos de queixa manifestan a súa desconformidade coa obrigatoriedade de pago do importe de 2.400 € correspondente ao Programa de Atención a Estudantes de fóra da Unión Europea (PATEX), así como ao procedemento e desenvolvemento de dito programa e o seu elevado custo.

Deuse traslado das queixas á Vicerreitoría de Internacionalización e mantívose unha xuntanza coa responsable.

Con posterioridade, prodúcese unha reformulación do programa PATEX e por Acordo do Consello Social do 26-05-2016 e apróbbase a modificación de prezos do Programa de Atención a Estudantes de fora da Unión Europea

Q 1511/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación co incumprimento pola cafetería da Facultade dos prezos establecidos na “*Lista de prezos dos produtos básicos por servizos de cafetería*” pola USC para o período 2015/2017. No escrito expón:

Nas cafeterías da USC hai unha lista de prezos fixados pero como alumna da Facultade no Campus Vida, vexo que non se cumpren. Cobran os cafés a 1 euro cando no listado de prezos aparece a 0.85, e como con isto mesmo o fan co resto de produtos. Chegan a cobrar 20 céntimos máis por ser un café con leite de soia, alegando que o leite de soia é máis caro, é dicir un café para persoas intolerantes á lactosa ten un custo de 1,20. Isto non ocorre por exemplo na nosa veciña Facultade, onde o prezo se cumpre co que pon no listado.

O informe solicitado á Sección de Xestión Económica e Contratación da USC expresaba:

Achégolle unha copia das alegacións presentadas polo adxudicatario do servizo de cafetería comedor da Facultade do Campus Vida da USC, nas que non recoñece ningún dos incumprimentos que se citaban na queixa presentada diante do Valedor da Comunidade Universitaria.

.../

Ao respecto dos produtos non incluídos no listado de prezos de produtos básicos, débese indicar que aqueles son de prezo libre, polo que cada adxudicatario decide cales son os prezos que debe establecer, sen que a USC interveña. Este é o caso no que se atoparía o prezo do leite de soia.

Ademais infórmase á alumna que este Valedor mantivo unha xuntanza co Sr. presidente da Asociación de Restauradores da USC, quen informou que na derradeira reunión do colectivo trataron o tema de fixación e publicación de prezos de novos produtos que se están a ofertar nas cafeterías e comedores da Universidade.

Q 1511/03

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación coa aplicación da cobertura do Seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para maiores de 28 anos. No escrito expón:

El día 13/11/2015 llamé a la aseguradora para que me indicasen a donde debía dirigirme para la valoración de la lesión y posterior tratamiento de esta. La respuesta que obtengo es que el seguro que la USC contrata con oncampus y de obligado pago (15 €) en el momento de realizar la matrícula en ningún supuesto cubre a estudiantes españoles que estudien en España. Acto seguido me comunico con oncampus Santiago donde me dicen que es un error por parte de la aseguradora y que si estoy cubierto por la póliza de seguros, quedando a la espera según las instrucciones que recibo en ese teléfono de la recepción de un email con la apertura del expediente correspondiente.

Dicho email no llega en ningún momento a mi dirección de correo electrónico por lo que esa misma tarde (13/11/2015) decido enviarles un mail para recordarles mi caso el cual hoy, a día 19/11/2015 , todavía no ha tenido respuesta.../recibiendo la misma respuesta dada anteriormente, el seguro no me cubre en ningún supuesto dada mi nacionalidad y lugar de residencia.

Desde ese momento y hasta el día de hoy me he puesto en contacto con oncampus Santiago en varias ocasiones, recibiendo siempre por respuesta que es un error de la aseguradora y, que ustedes mismos se encargaran de abrir el expediente para que pueda acudir a un centro médico con el beneplácito y cobertura de la aseguradora y que recibiré vía email que pasos debo seguir y qué documentación debo aportar para ejecutar el tratamiento de rehabilitación recomendado por el médico del punto de acceso continuado del Sergas.

O Sr. xefe da Sección de Patrimonio da USC indica a información facilitada pola correduría de seguros:

Efectivamente o problema foi a operativa da compañía aseguradora, xa que por erro non tiñan establecido un protocolo para atender os casos de alumnos nacionais que necesitasen asistencia médica por accidente.

O problema residía en que Europ Assistance é unha compañía exclusiva de asistencia en viaxe, polo que a garantía de Accidentes (indemnización por falecemento e invalidez e asistencia por accidente en España) incluída na póliza está reasegurada con outra compañía, polo que tiñan que establecer dentro do seu servizo de asistencia telefónica o protocolo para atender estes casos.

A persoa responsable púxose en contacto co responsable deste servizo, estableceron o protocolo correspondente e deron as indicacións oportunas aos teleoperadores para que facilitasen a información correcta.

Cando comprobamos que toda a operativa estaba establecida correctamente, chamamos aos interesados para confirmarles que podían poñerse en contacto ca compañía e tramitar os seus expedientes, sen que isto supuxese a confirmación de cobertura xa que descoñecemos o acontecido os asegurados.

Todo este proceso alargouse durante uns días, nos cales recibimos varias chamadas do asegurado, o cal informamos en todo momento da situación real. No momento en que todo se solucionou, chamámolo para informarlle.

Así pois, á vista do exposto, entendendo que se adoptaron as medidas precisas para solventar definitivamente o problema que expoñía na queixa procedeuse a rematar coa tramitación da mesma.

Q 1511/04 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por un usuario da Biblioteca Xeral da USC referida en resume, á non identificación por parte dunha traballadora, ás condicións de habitabilidade das instalacións e á xestión ineficiente de espazos.

Admitida a queixa a trámite, solicitouse informe á Dirección da Biblioteca Universitaria no que se expón o seguinte:

1. A funcionaria á que se refire o escrito actuou en todo momento con corrección e educación. Tratou ademais de que o incidente non fora a mais e que o usuario non elevara a voz, para non malestar ao resto de usuarios da biblioteca. Non é a primeira vez que se lle advirte ao usuario que ese espazo non é para estudar os seus apuntes.

2. Sobre o tema da identificación, a funcionaria recoñece que non se identificou pero a Lei 30/92 no seu artigo 35 b), o que establece é a obriga de "identificar a las autoridades y al personal al servicio de las Administraciones Públicas bajo cuya responsabilidad se tramiten los procedimientos". Non parece ser o caso que nos ocupa. De todos os xeitos a funcionaria indica que non ten inconvinte ningún en identificarse, toda vez que na nosa páxina web está todo o persoal das 19 bibliotecas da USC identificado.

.../4. Polo que atinxe ao espazo que o solicitante quere empregar, trátase dunha sala de traballo para persoal da biblioteca e para aqueles usuarios que precisan consultar fondos de especiais características (antigüidade, condicións especiais de preservación). Na sala indicada ademais profesores e investigadores da USC adoitan realizar seminarios e clases prácticas con alumnos. Polo tanto non é un espazo de silencio, para estudar, como si o é a sala de lectura. Para estudar ou empregar os seus propios materiais e apuntes, a Biblioteca pon ao dispor dos usuarios unha sala de lectura cunha capacidade de 214 postos (non ocupados na súa totalidade nos días en que o solicitante quixo ocupar a sala anexa).

Da lectura do escrito de queixa e do informe da Sra. directora da Biblioteca Universitaria pódense facer distintas consideracións sobre os seguintes aspectos:

1º.- Da identificación da funcionaria: Corrobórase que a funcionaria non se identificou seguindo o requirimento do usuario da Biblioteca. Indicar que si ben o art. 35.b) da Lei 30/92 efectivamente expón que os cidadáns teñen dereito "*a identificar a las autoridades y al personal al servicio de las Administraciones Públicas bajo cuya responsabilidad se tramiten los procedimientos.*" tamén é certo que a funcionaria, aínda que non estivera a tramitar un procedemento en sentido estrito, si está a prestar un servizo baixo a súa responsabilidade. Así mesmo hai que sinalar que o mesmo art. 35, que regula os dereitos dos cidadáns nas súas relación coas Administracións Públicas, tamén indica que teñen dereito:

- **i) *A ser tratados con respeto y deferencia por las autoridades y funcionarios, que habrán de facilitarles el ejercicio de sus derechos y el cumplimiento de sus obligaciones.***
- **j) *A exigir las responsabilidades de las Administraciones Públicas y del personal a su servicio, cuando así corresponda legalmente.***

Así pois, discrépase do manifestado no informe da Sra. directora da Biblioteca Universitaria cando manifesta que "*non parece ser o caso que nos ocupa*". Mais ben o contrario, a negación da funcionaria á súa identificación dificulta o exercicio do dereito do alumno/usuario á presentación de queixas e á esixencia de responsabilidades do persoal na prestación dun servizo público que sexa de calidade.

2º.- Condicións de habitabilidade. O informe da Dirección da Biblioteca Universitaria non aporta nin cuantifica datos obxectivos que corroboren que se estean a cumprir os parámetros óptimos correspondentes ao uso desa sala.

3º.- Ocupación de espazos. O presentador da queixa indica no seu escrito que utiliza con certa asiduidade un espazo lateral que emprega para o estudo. Feito que se corrobora no informe da directora: "*Non é a primeira*

vez que se lle advirte ao usuario que ese espazo non é para estudar os seus apuntes”. Obviamente a Biblioteca Universitaria pode organizar e xestionar os seus espazos como considere máis axeitado ao servizo público que está a prestar e que se detalla neste caso no parágrafo 4º do informe. Por outra banda, non cabe outra posibilidade que os usuarios da biblioteca actúen conforme ao establecido no Regulamento da BUSC: “cumprindo as disposicións que regulan os distintos servizos da Biblioteca” e “absténdose de utilizar servizos ou prestacións ás que non estea autorizado a acceder”.

Así pois, recórdase ao presentador da queixa que, ademais dos dereitos que pode exercer, debe cumprir cos deberes e normas establecidas pola USC e que o seu incumprimento podería dar lugar ao procedemento sancionador que corresponda.

Por iso, tendo en conta o anteriormente exposto recomendouse que:

1º.- Se lembre á Dirección de Biblioteca e á funcionaria obxecto da queixa a conveniencia, cando non obriga, de identificarse se así é solicitado por un usuario co fin de harmonizar o indicado na Lei 30/92 no art. 35 apartados b), i) e j) citados.

2º.- Se inste ao Servizo de Prevención de Riscos da USC para que realice unha medición das condicións de temperatura e humidade de xeito aleatorio na sala de lectura en distintas franxas horarias, incluída a quenda de tarde.

En relación coa presente recomendación, con posterioridade dende a Vicexerencia de Persoal da USC informaron das actuacións levadas a cabo:

- Con respecto á primeira das recomendacións formuladas, deuse traslado á Dirección da Biblioteca do contido da recomendación para que se teña en conta e, de cara ao futuro, se observe a obriga de identificarse ante os usuarios nos termos previstos legalmente.
- Polo que se refire á segunda das recomendacións, demos tamén traslado do seu contido ao Servizo de Prevención de Riscos para que se programen as medicións de temperatura e humidade na sala de lectura da Biblioteca Xeral, programación que xa nos foi confirmada por dito Servizo.

Q 1511/05

Foi presentado un escrito de queixa por un usuario da Piscina Universitaria e integrante do equipo de natación federada da USC, en relación cos recursos dispoñibles para os membros do citado colectivo, que considera exiguos. No escrito expón:

“Na piscina universitaria hai 6 canles distribuídas da seguinte forma: dúas para cursiños e actividades como aquadance etc, tres para nado libre e só unha para o equipo de natación que ten arredor de 20 nadadores federados e outros sen federar.

Non sei que vai pasar nas semanas seguintes pero isto non é un caso particular e non pode ser que o club da USC só dispón dunha soa canle cando nas outras tres de nado libre só hai unha ou dúas persoas por canle e como comprenderá desta forma o rendemento dos adestramentos baixa moitísimo.”

O informe xustificativo do Sr. director do Servizo de Deportes indicaba:

“- As instalacións deportivas da USC están abertas e a disposición tanto da comunidade universitaria como da cidadanía en xeral; a oferta deportiva propia abrangue tanto a formación deportiva, a práctica libre, a competición universitaria, o adestramento de deportistas federados do Club USC, como a oferta

deportiva externa: cesión de uso de instalacións, ... O perfil de usuarias/os vai dende a infancia a persoas xubiladas, e o nivel vai dende a iniciación aos federados, pasando pola atención a persoas con diversidade funcional e outras situacións especiais.

- Na elaboración da oferta ha de darse cabida ás diferentes modalidades da oferta deportiva e perfíles de usuarias/os, ademais de dar cumprimento ás normativas que en materia de seguridade e mantemento das instalacións estean regulamentadas. Por tanto, en todo momento contéplase o conxunto de usuarias/os, circunstancias e condicionantes.

.../

- O Servizo de Deportes fai todo o posible por buscar solucións para facilitar o acceso e a preparación das/dos deportistas do Club USC, pero non sempre é posible cubrir todas as súas demandas nin o deporte federado pódese considerar à maior das prioridades dentro do ámbito universitario. Tampouco pode este Servizo tomar decisións en detrimento do resto de usuarias/os, que ademais son maioría no uso da instalación, nin adoptar solucións que repercutan na calidade da súa oferta deportiva e a deterioreen.

Por tanto, na procura dun equilibrio e na conciliación entre os intereses duns e doutros, considero que este Servizo dispón e oferta os recursos necesarios e axeitados para o citado colectivo tendo en conta todas as variables actuais e non resulta factible nin aconsellable acceder a petición de aumentar o número de canles destinadas en exclusiva a tecnificación, como veñen demandando unha parte dese colectivo, polas razóns e motivos xa mencionados con anterioridade.”

Q 1511/06

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación coa calidade do curso de Alemán nivel A.2.1 impartido polo Centro de Linguas Modernas (CLM). No escrito expón o seguinte:

El Pasado Viernes 16 de Octubre presenté un escrito de reclamación tanto en el Rectorado como en el Centro de Linguas Modernas, dicho escrito me fue contestado por email el lunes 19 de Octubre, en el cual la Directora me desestima el escrito por ser, a su criterio, improcedente. Asimismo me invita a acudir al centro a hablarlo con ella en persona. En dicho escrito de contestación, no se centra para nada en mi reclamación, la cual consiste en que no se imparte el curso que se oferta A.2.1 de manera anual y desde el principio, sino el final del nivel A1, ya en el segundo semestre, empezarán con el A.2.1. Por lo expuesto reclamo el importe íntegro del curso 350€ y una indemnización tanto por el tiempo malgastado y el perjuicio sufrido al no haberme matriculado a tiempo en otro centro por no mencionar el material malgastado en libros.

A Sra. directora do CLM enviou o seguinte informe:

En vista dos feitos acontecidos, PROPOÑEMOS:

1. O alumno manterá o dereito de asistir ao curso de lingua alemá de nivel A2.1.1 segundo o MCER (1ª parte do nivel cancelado A2.1) ata a súa finalización, sen posibilidade de obter o certificado do mesmo polas faltas de asistencia acumuladas, xa que asistira so ás primeiras 5 clases, segundo a confirmación da profesora do curso.

2. O alumno manterá o dereito de asistir ao curso de lingua alemá de nivel A2.1.2 / nivel A2.1 segundo o MCER (2ª parte do curso anual do mesmo nivel A2.1 cancelado) desde o seu principio ata a súa finalización, con posibilidade de obter o certificado final a condición de que obteña a avaliación positiva.

3. Se o alumno non quixera continuar o estudo de alemán no curso de lingua alemá, nivel A2.1.2 (A2.1) segundo o MCER organizado polo CLM, poderá solicitar a devolución da matrícula segundo as indicacións na convocatoria <http://www.usc.es/gl/servizos/clm/normativa.html> asemade poderá solicitar a devolución dos 50 euros abonados demais sen motivo xustificado. O prezo dos cursos de 80 hr presenciais é de 300 euros para a comunidade universitaria e de 350 euros para persoas externas.”

Por iso, á vista do exposto *comunicamos ao alumno que debería contactar co CLM, aos efectos do indicado no apartado 3º, para que lle remitan os documentos pertinentes para solicitar a devolución da matrícula do curso nivel A2.1.2 do segundo semestre e máis dos 50€ abonados.*

Q 1511/07 => Recomendación

Foron presentados tres escritos de queixa por estudantes matriculados en distintos Máster Universitarios da USC en relación coa non aplicación da bonificación de parte do prezo da matrícula oficial por ter levado matrículas de honra no último curso de grao.

Algúns destes alumnos/as teñen presentado queixas tamén perante o Valedor do Pobo. Por iso, en aplicación do Convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e os Comisionados Universitarios de Galicia solicitóuselle información ao respecto, indicando que no procedemento de tramitación das queixas a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitiu un informe no que se indica de forma clara e taxativa que a bonificación de matrícula de honra de estudos cursados en grao aplicarase para calquera estudio de máster, manifestando de xeito literal:

"Anualmente, a Xunta de Galicia publica un decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario.

Así, o Decreto 90/2015, do 18 de xuño (Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 2/07/2015) fixou os prezos públicos no ensino universitario para o curso 2015/2016.

O artigo 10 deste decreto establece que "Nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) as bonificacións correspondentes a unha ou varias matrículas de honra aplicaranse a un número de créditos igual ao das materias nas que se obtivo a matrícula de honra, tanto nos mesmos estudos como na continuación dos mesmos no caso de paso dos estudos de grao aos de máster."

A expresión "na continuación dos mesmos no caso de paso dos estudos de grao aos de máster incorporouse ao texto do decreto como resultado da suxestión proposta pola Universidade de Vigo para deixar claro que as matrículas de honra obtidas no último ano dos estudos de grao son aplicables aos estudos de posgrao, e que esta Consellería considerou axeitada.

De acordo co anterior, as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) deben aplicar as determinacións recollidas na normativa de aplicación (para este o decreto anual de prezos públicos) e, en consecuencia, considerar que no reclamante en queixa concorren as circunstancias que determinan a aplicación das matrículas de honra obtidas no último ano dos seus estudos de grao aos estudos de posgrao que inicia neste curso académico".

E indica a Valedora do Pobo ter rematado o procedemento efectuando a seguinte recomendación á Universidade de Santiago de Compostela:

Que a Universidade de Santiago de Compostela, ao igual que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) aplique as determinacións recollidas na normativa vixente (para este caso, o decreto anual de prezos públicos) e, en consecuencia, considere que na reclamante en queixa concorren as circunstancias que determinan a aplicación das matrículas de honra obtidas no último ano dos seus estudos de grao aos estudos de posgrao que iniciou neste curso académico.

Que se revisen as liquidacións dos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela que se poidan atopar no mesmo suposto e se lles apliquen as bonificacións por matrícula de honra ao recollese dunha disposición de carácter xeral na que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á

obtención dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario.”

Este Valedor Universitario asume como propia a anterior formulación e subscribe a recomendación efectuada pola Valedora do Pobo polo que recomenda que se apliquen as bonificacións nos prezos públicos de matrícula nos máster correspondentes a un número de créditos igual ao das materias nas que obtiveron matrícula de honra no grao, con carácter xeral a todos os alumnos que se atopen nesa situación, e en particular aos estudantes que presentaron as queixas perante esta Institución.

A Secretaría Xeral da USC respostou o seguinte á recomendación efectuada polo Valedor do Pobo e o Valedor da Comunidade Universitaria:

1.- A USC entende que o tenor literal do artigo 10 do Decreto 90/2015, do 18 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015/16, permite a interpretación realizada por esta Universidade, xa que fala de para que se aplique a bonificación de matrículas de honra debe tratarse de continuación dos “mesmos estudos” (“...tanto nos mesmos estudos como na continuación destes no caso de paso dos estudos de grao aos de máster). En todo caso e ao existir dúbidas xurídicas para a súa interpretación se debeu acordar unha corrección de erros que non deixara marxe de interpretación, tal e como se indicou nos informes sobre a queixa.

2.- A introdución de novas exencións de prezos e a merma de ingresos debe interpretarse restritivamente e conforme a LOU, de tal xeito que para establecer exencións e reducións, é necesario que previamente se consignen as compensacións polos ingresos que se van a deixar de percibir. Así o establece o artigo 81.3 LOU: «*Asimismo, se consignarán las compensaciones correspondientes a los importes derivados de las exenciones y reducciones que legalmente se dispongan en materia de precios públicos y demás derechos.*” No presente caso non consta que estean consignadas as partidas correspondentes a unha exención de matrículas gratúitas obtidas no grao para aplicar no máster.

3.- Non obstante o anterior, e tendo en conta o manifestado pola Xunta de Galicia sobre a intención do Decreto de prezos, esta Universidade acepta a recomendación formulada e procederá a resolver as solicitudes pendentes neste senso, procederá a estender esta exención ao conxunto do alumnado, sempre que exista a debida consignación.

Polo tanto se solicita desa Institución para que faga as xestións oportunas para mellorar a redacción do Decreto de Prezos e para que sempre que se estableza unha nova exención, a propia norma que a estableza recolla a debida compensación ao abeiro do artigo 81.3 da LOU.”

Q 1512/01

Foi presentado un escrito por un alumno en representación de 61 estudantes de 6º curso dun Grao que realizan prácticas en Vigo. No mesmo expón as distintas xestións efectuadas perante a empresa concesionaria do transporte urbano de dita cidade, da Concellaría de Transportes do Concello de Vigo e diante da Universidade de Vigo co fin de conseguir tarxetas universitarias de transporte e que lles apliquen o correspondente desconto no prezo do custo do billete, obtendo ata o momento unha resposta insatisfactoria pois non son considerados nin pola Universidade de Vigo como os seus alumnos, nin como cidadáns polo Concello.

O informe da Sra. vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC comunica que a Vicerreitoría de Estudantes da Universidade de Vigo ten remitido un escrito de data 3 de febreiro á Xefa do Servizo de Transportes do Concello de Vigo no que textualmente indica:

“Dirixímonos a vostede, a pedimento da vicerreitora de Estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC), para comunicarlle que o alumnado da USC que está realizando prácticas en Vigo, en virtude do convenio asinado entre as tres universidades do SUG, terá dereito á tarxeta de transporte universitaria para os efectos de facer uso das liñas de autobús urbano que comunican a cidade cos hospitais. Isto non suporá, en ningún caso, a modificación das paradas nin dos itinerarios das lanzadeiras á Universidade.

Agradecemoslle que realice as accións oportunas para que estes estudantes poidan gozar deste beneficio o máis axiña posible.”

Q 1512/02

Foi presentado un escrito de queixa asinado por dez estudantes dun *Máster* en relación co desenvolvemento de actividades e calidade do mesmo. No escrito expoñen deficiencias que os/as alumnos/as teñen detectado no curso 2014/2015 que se poden resumir en cuestións de índole técnica e distintos incumprimentos.

Trasládase a queixa á Sra. coordinadora do Máster quen remite un extenso informe onde se analizan detalladamente as deficiencias descritas na queixa polo alumnado e se apuntan algunhas propostas de mellora.

Q 1512/03 => Recomendación

Foi presentada unha queixa por unha alumna en relación con distintos aspectos recollidos na *Convocatoria para a concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento Curso 2012/2013*.

No informe que lle foi solicitado ao respecto, o Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional expón ter respostado á presentadora da queixa o seguinte:

- O día 17 de novembro de 2015 publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico da USC dúas convocatorias para a concesión dos premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ás teses defendidas nos cursos 2012-2013 e 2013-2014. Ditas convocatorias tamén foron publicadas na páxina web da Escola de Doutoramento Internacional (en diante EDI).

- O día 17 de novembro de 2015 os distintos centros da USC foron informados dende a EDI da publicación das convocatorias e indicóuselle aos centros que lle deran máxima difusión das convocatorias aos posibles candidatos, así como que se lles informase a estes do formato establecido pola Facultade para a recepción dos méritos correspondentes (dado que cada área de coñecemento ten unhas características específicas e é cada centro quen propón o tribunal encargado de valorar a documentación). A estes efectos, dende a EDI enviouse nos días inmediatamente posteriores a todos os centros a relación de posibles solicitantes e os datos de contacto (correo electrónico) destes.

Por todo isto,

-En relación a súa petición de que sexa a EDI de quen faga un chamamento ao alumnado afectado, indicámoslle que estudaremos dita posibilidade en futuras convocatorias. Sen embargo, para as convocatorias publicadas considerouse axeitado, ao igual que en anteriores ocasións, que fosen os centros quen informase aos posibles solicitantes, tal como se lles comunicou dende a EDI, xa que son estes quen reciben e tramitan as solicitudes perante o tribunal.

-En relación a súa petición de permitir a presentación do curriculum vitae normalizado da FECYT, débese ter en conta que non todos os solicitantes teñen formalizado dito modelo de curriculum e que non todos os méritos indicados en dito documento son avaliábeis, polo que nas convocatorias

publicadas en novembro considerouse axeitado incluír no modelo de solicitude a listaxe de méritos a valorar xunto coa relación destes coa tese. Lémbrese a este respecto, que o obxecto destas convocatorias é valorar o traballo realizado polos candidatos relacionado cos seus estudos de doutoramento e non o seu curriculum.

-En relación de que se presente por cada publicación portada, índice, primeira e última páxina, indicámoslle que considerouse axeitado para estas convocatorias, a diferenza doutras, que os membros do tribunal deben poder valorar as publicacións relacionadas coa tese na súa integridade (algo que non se consegue coas páxinas inicial e final).

-En relación de que os méritos podan presentarse de forma dixital, indicámoslle que nas convocatorias publicadas en novembro deixouse aberta esta posibilidade e non se prohibiu a presentación neste formato, deixando aos centros a oportunidade de indicar aos candidatos o formato máis axeitado para a valoración destes méritos.

-En relación a súa petición de que se poida coñecer con antelación a puntuación recollida nos informes confidenciais, indicámoslle a puntuación de dito ítem, xunto coas outras puntuacións do resto dos ítems a valorar, fanse públicas todas ao mesmo tempo (no momento da publicación das puntuacións provisionais). Non se considerou axeitado que unhas puntuacións se coñecesen antes e outras máis tarde.

-En relación a súa petición de que se especifiquen os prazos para o tribunal, indicámoslle que si teñen prazos que están especificados no punto 7 da convocatoria, como o da constitución deste nos 20 días seguintes ao nomeamento, ou a dos 20 días para a resolución de alegacións e das listaxes definitivas.

-En relación a súa petición de que sexa a EDI quen publique as puntuacións provisionais, informámoslle que os centros dispoñen dos medios de comunicación (correos electrónicos, teléfonos ...) e de difusión (páxina web institucional do centro) necesarios para poder comunicar aos solicitantes ditas puntuacións sen necesidade de desprazarse ao centro. A este respecto, lémbrese ademais que a valoración das posibles alegacións ás puntuacións provisionais é competencia dos tribunais, sen que estea involucrada a EDI neste trámite.”

Á vista do expresado no antedito informe, cómpre sinalar o seguinte:

- 1º. Resaltar a resposta detallada que dende a EDI se ten dado as cuestións suscitadas pola alumna.
- 2º. Da lectura da Convocatoria e mesmo do informe despréndese que distintas cuestións do procedemento quedan á consideración do criterio de cada Centro: presentación de méritos de forma dixital, chamamento ao alumnado afectado pola convocatoria, publicación da proposta provisoria de concesión polos medios que consideren os Centros, etc.... Parece aconsellable realizar un esforzo na homoxeneización do procedemento para que non haxa diferenzas na aplicación do mesmo entre os distintos Centros.
- 3º. Distintos procedementos poderían esixir presencialidade do alumnado no Centro: presentación de méritos, coñecemento da proposta provisoria de concesión... que pode ser dificultoso, como ben indica a presentadora da queixa, pola desvinculación do alumnado coa USC.

Por iso recomendo que, en vindeiras convocatorias, o procedemento sexa o máis homoxéneo posible, sen considerar posibles discrecionalidades ou interpretacións por parte dos Centros na súa aplicación e que se apliquen procedementos telemáticos para a realización dos distintos trámites recollidos na convocatoria.

En relación coa recomendación efectuada o Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional informa das actuacións efectuadas:

“Informámoslle sobre as súas recomendacións que ao estar as convocatorias abertas non foi posible actuar sobre elas. O que si fixemos foi, no momento da comunicación aos Centros do nomeamento do tribunal, o envío dun oficio coas seguintes indicacións:

Comunicámoslle por recomendación do Valedor da Comunidade Universitaria, que este nomeamento, así como as puntuacións provisionais deberán publicarse na páxina web do seu centro, para evitar a necesidade da presenza física neste dos interesados no procedemento.

Así mesmo, comunicámoslle que posteriormente, deberán enviar á Escola de Doutoramento Internacional a proposta definitiva. No caso de recibir alegacións ás puntuacións provisionais, e unha vez resoltas polo tribunal, xunto coa proposta definitiva deberán achegar tamén copia das alegacións xunto cun informe a estas do tribunal.

Así mesmo, informámoslle que na actualidade estase a traballar nun borrador de convocatoria para a concesión do premio extraordinario de doutoramento para as teses defendidas no curso 2014-2015, onde pretendemos asignar os premios por áreas de coñecemento, contribuíndo así a unha maior homoxeneización.”

Q 1601/01

Foron presentados dous escritos de queixa en relación co aparcadoiro do edificio CIBUS.

O primeiro presentado en relación co uso do aparcadoiro do edificio CIBUS por usuarios alleos á USC. No escrito expón:

No aparcadoiro do CIBUS aparcan toda a noite e fin de semana furgonetas da empresa Seguridade A1 (empresa que traballa para a USC), pero a comunidade universitaria recibiu unha mensaxe dicindo que os coches non podía quedar en dito aparcadoiro pola noite nin en fin de semana por razóns de seguridade. Ademais, os traballadores de dita empresa deixan os seus coches particulares en dito aparcamento, cando claramente non son traballadores da USC senón dunha empresa privada allea á USC aínda que traballe para ela. Tamén expuxen que isto estaba a pasar coa convivencia da empresa de seguridade, xa que eles saben que eses coches quedan aí. Tamén preguntei á Vicerreitoría se dita empresa tiña permiso da USC para facer isto

Polo tanto, solicito que se regule rapidamente e dunha maneira axeitada o uso deste e de todos os aparcadoiros da USC para que sexan usados correctamente polos traballadores da USC e unicamente por eles.

O segundo referido ao uso e sistema de autorizacións de emprego das citadas instalacións:

Durante o ano 2015 fixo diversas xestións diante da OIU, Banco Santander, Área TIC da USC e dirixiu escritos a esa Vicerreitoría, dos que non obtivo resposta, co obxecto de conseguir autorización para poder aparcar no Edificio Citius/Cibus sen obter unha resposta satisfactoria.

Solicita manter a tarxeta de investigador e poder aparcar no aparcamento do Citius/Cibus, onde desenvolve a súa labor como doutorando

Dáse traslado das queixas á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación que informa:

Queixa 1:

“1. En abril de 2014 púxose un cartel no CIBUS que indicaba: POR MOTIVOS DE SEGURIDADE COMUNÍCASELLE AOS USUARIOS DO APARCAMENTO CUBERTO DO EDIFICIO CIBUS QUE NON PODERÁN DEIXAR OS COCHES APARCADOS EN HORARIO NOCTURNO NIN EN FESTIVOS NIN FINS DE SEMANA

2. Sen embargo, fíxose unha autorización especial para os coches da empresa concesionaria para os sistemas de seguridade A1, porque esta empresa presta asistencia as 24 horas e os vehículos están

cargados permanentemente con material valioso economicamente e sensible a nivel de seguridade (lectores de tarxetas, ...).

3. Ante a reclamación feita sobre o aparcamento de coches particulares dos traballadores da empresa A1, fíxose unha investigación para comprobar a veracidade dos feitos. A pesares de non poder ser comprobada esta denuncia, o responsable de seguridade da USC informou ao xerente da empresa concesionaria A1, advertíndolle da irregularidade cometida se os traballadores aparcan nas nosas instalacións os seus vehículos particulares e a necesidade de corrixir a anomalía no caso de producirse.

4. En canto á reclamación relacionada co “mal uso” do aparcamento por parte de persoal da USC e de outras empresas alleas, o Responsable de seguridade iniciou un control exhaustivo para comprobar a veracidade da denuncia e, de ser o caso, proceder á solución do problema. “

Queixa 2:

“1. No documento 1 que anexamos poden ver a queixa presentada na Oficina de Análise de Reclamacións o día 23 de decembro ás 9:39h e a resposta da Vicerreitoría remitida por esta oficina o 23 de decembro ás 12:41 h. Nesa resposta indicábase que o presentador da queixa daquela non tiña ningunha relación contractual coa USC, unha condición necesaria para autorizar o uso de aparcamento.

2. A última comprobación de contratación do presentador da queixa foi feita o 1 de febreiro de 2016. Nesa data, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación informou que non constaba ningún contrato en vigor entre a USC e o reclamante. Polo tanto, lamentablemente non se pode atender a solicitude de tramitación da TUI namentres non se cumpra algúns dos requisitos incluídos no apartado 5.2 do Protocolo de xestión e utilización da TUI na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 17 de febreiro de 2005. “

Q 1601/02

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno referido co grao de recoñecemento que se aplica na USC aos cursos de Lingua de Signos Española, por considerar o mesmo insatisfactorio.

A Secretaría Xeral envía o seguinte informe xustificativo ao respecto:

“1.- A lingua de signos ven recoñecida na normativa estatal (Lei 27/2007, de 23 de outubro) e como un elemento integrador para as persoas con discapacidade.

2.- A lingua de signos española figura na programación do CLM dende varios cursos, tanto nas convocatorias dos cursos de verán, como nas convocatorias dos cursos semestrais.

3.- A lingua de signos non se pode considerar equivalente a un idioma estranxeiro e existe a discusión doutrinal de se se trata dunha lingua ou dunha linguaxe. Existen tantas linguas de signos como idiomas.

4.- A regulación do recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 está recollida actualmente no Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013.

5.- Para o lingua de signos e perante a dúbida de se estes estudos deberían recoñecerse como linguas ou como actividades solidarias e de cooperación, se acordou unha modificación específica do precitado Acordo do 31 de outubro de 2013 mediante outro de 2 de febreiro de 2015, pero con efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2014, no que se inclúe expresamente esta materia e se indica o número de créditos recoñecibles.

6.- Deste xeito no Acordo do 31 de outubro de 2013 para as linguas estranxeiras se recoñece :

Actividade que se recoñece	Recoñecemento
Nivel B1 da segunda e demais linguas estranxeiras distintas á obrigatoria	1 ECTS por acreditación por cada nivel B1 acreditado
Niveis superior ao B1 da lingua estranxeira obrigatoria e doutras	2 ECTS por acreditación do nivel B2 3 ECTS por acreditación do nivel C1 4 ECTS por acreditación do nivel C2
Cursos de idiomas do CLM noutras linguas distintas á recoñecida como obrigatoria	1 ECTS por cada 25 horas ata un máximo de 6 ECTS

Pola súa banda, para a lingua de signos se recoñece:

Estudos	Recoñecemento
Nivel B1 de lingua de signos	3 ECTS
Niveis superior ao B1	4 ECTS por acreditación de nivel B2 ou superiores
Cursos de lingua de signos impartidos polo CLM ou entidades coas que se formalice convenio	1 ECTS por cada 25 horas ata un máximo de 4 ECTS

7.- O presentador da queixa xa fixo outra similar, primeiro perante o Servizo de Xestión Académica e despois perante a OAR, que lle foi contestada.

O interesado non presentou solicitude de recoñecemento nin indicou o nivel de linguaxe de signos que posúe, só sinala que non está de acordo co número máximo de créditos que se poderían outorgar por este concepto.

8.- En consecuencia o presentador da queixa discrepa do Acordo do Consello de Goberno pero este Consello de Goberno estableceu un recoñecemento específico para a lingua de signos moi semellante ao recoñecemento de linguas estranxeiras.

Debe sinalarse que as actividades de linguaxe de signos teñen un recoñecemento superior para niveis equivalentes ao B1 e para niveis superiores ao B2. Así mesmo teñen un recoñecemento igual para cursos de 25 horas, se ben por cursos se pode chegar ata 4 ECTS en lingua de signos e en idiomas ata 6 ECTS.

En consecuencia, o Consello de Goberno acordou un recoñecemento específico para a lingua de signos e na maioría dos casos moi superior ao recoñecemento de lingua estranxeira.”

Q 1601/03 => Recomendación

Foi presentado un escrito por un estudante dun *Máster* no que ven a indicar de xeito resumido que o alumno formalizou a matrícula no curso académico 2015/2016 no *Máster*, obtendo información sobre o desenvolvemento do mesmo na seguinte páxina web da USC:

http://www.usc.es/es/servizos/oiu/Horario_master.html

Onde figura a data do 18 de xaneiro como inicio da actividade docente en dito Máster. Posteriormente, a finais do mes de outubro o alumno recada nova información decatándose de que as clases xa se iniciaran o 28 de setembro polo que nalgunhas delas xa se impartiran máis do 20% das horas lectivas, ás que o alumno non acudira inducido pola información errónea citada, o que imposibilita, de non superar esas materias, rematar o Máster no presente curso académico.

O mencionado escrito pon de manifesto de xeito fidedigno a existencia de información errónea na web que se referencia e que motivou a situación complexa na que se atopa o alumno.

Por iso *recomendo* á Secretaría Xeral da USC:

- *Que se adopten as medidas necesarias para a eliminación/subsanación da información errónea da páxina: http://www.usc.es/es/servizos/oiu/Horario_master.html. Co fin de que non induza a erro a máis estudantes.*
- *Que se procuren as actuacións oportunas para intentar solucionar a problemática descrita polo alumno e que lle dificulta rematar os seus estudos no presente curso académico.*

E por outra banda á Coordinación do Máster *recoméndase*:

- *Que, as circunstancias excepcionais descritas sexan tidas en conta no proceso de avaliación das materias co fin de solucionar a problemática descrita polo alumno que lle dificulta rematar os seus estudos no presente curso académico. E se traslade a presente recomendación aos docentes aos efectos oportunos.*

Con posterioridade os dous docentes implicados comunican a esta Institución a aceptación da recomendación, polo que damos por rematada a tramitación da presente queixa.

Q 1601/04 => Recomendación

Foi presentado un escrito de denuncia dando conta duns presuntos feitos acontecidos no desenvolvemento e defensa dunha tese doutoral.

Ante a gravidade dos presuntos feitos que se relatan no escrito de denuncia *recomendo ao Sr. reitor da USC a apertura dunha información reservada para a clarificación e investigación dos mesmos.*

Con posterioridade comunícase a apertura da correspondente investigación pola USC.

Q 1601/05 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante de 2º curso de Grao en relación coa modificación de horarios dalgunha das materias do curso, no que se expoñía:

“Como es normal, a principio de curso, los estudiantes de este grado nos matriculamos de una serie de asignaturas contando con el horario que estaba expuesto en la página web de la USC. Este horario era

de mañana en su totalidad. Muchas alumnas y alumnos trabajamos o nos matriculamos en actividades extra-escolares tanto organizadas por la USC o al margen de la universidad.

Ahora a menos de una semana de comenzar el segundo cuatrimestre cambiaron totalmente los horarios, resultando un horario caótico, con asignaturas tanto de mañana como de tarde.”

No informe solicitado á Sra. decana da Facultade entre outras cuestións indícase:

“.../A queixa presentada polo alumno e que afecta a un bo número de alumnos/as do centro derívase de dita cuestión e non é outra cousa que unha consecuencia da falla de profesorado coa que afrontamos o curso, o tipo de prazas convocadas e o retraso xeneralizado na convocatoria dos concursos e na remisión de expedientes ao centro para a súa selección.

.../ Sabendo os inconvincentes que podía causar ao alumnado, a alternativa de manter os horarios levaría... a non ter profesorado.../”

Tendo en conta o que establecen neste ámbito distintas normativas: Estatutos da USC, Estatuto do Estudante, Normativa de Planificación Académica Anual e a Normativa de Avaliación, e para harmonizar o carácter esencial e impostergable da prestación do servizo docente no ámbito da educación superior universitaria e os dereitos do alumnado, *recomendo*:

- *Que de maneira urxente, dentro das súas competencias, se adopten as medidas necesarias para a restauración inmediata do citado servizo público.*
- *Que se as medidas a adoptar implican cambios nos horarios das materias, como se desprende do escrito remitido por Vde., deberían contemplarse flexibilizacións das obrigas de asistencia a clase cara ao proceso de avaliación do estudantado afectado por ditos cambios e que non poidan exercer o dereito de asistencia a clase.*

Dende o Decanato envían un informe detallado das actuacións efectuadas indicando entre outras: “.../a adopción de medidas excepcionais de flexibilización de cambios de grupo e exención de docencia a fin de minorar o prexuízo ao alumnado e evitar o abandono do curso por incompatibilidades suficientemente xustificadas.

Q 1601/06 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por doce estudantes dun Máster. No escrito expoñen que nunha materia non están a recibir docencia por non ter sido contratado un docente para impartir as clases correspondentes, que comezaron o día 25 de xaneiro e solicitan que se efectúen os procedementos necesarios para que se solucione a situación coa máxima prioridade.

Admitidas as queixas a trámite, efectuáronse as seguintes xestións:

- As queixa foron foron trasladadas á Vicerreitoría de Organización Académica e PDI e mantívose unha reunión co Sr. vicerreitor e solicitouse informe ao respecto á Sra. decana da Facultade no que indica:

“Está previsto que a docencia a imparta o profesor que gañou o concurso da praza de profesor asociado. O dito profesor solicitou a compatibilidade para poder asinar o contrato. Esta mesma situación

está a suceder con outros contratos de profesorado asociado do Departamento encargado desa materia.

O profesorado da área non se fixo cargo da materia por ser un área deficitaria e estar maioritariamente constituída neste momento por profesorado asociado con limitacións de horario e profesorado interino, agás dous profesores funcionarios que consideran que non se poden comprometer a asumir un maior encargo docente. A situación de áreas deficitarias, con profesorado contratado como interinos ou asociado é extensiva ás dúas áreas do Departamento.

A dificultade do Departamento de asumir toda a docencia, por mor da tardanza na resolución dos concursos, e unha vez resoltos, a espera das compatibilidades, foi comunicada ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica por correo electrónico solicitando que se se aceleraran no posible os trámites para contratación do novo profesorado para procurar a inmediata normalización da docencia.

Esta situación deriva do déficit de profesorado debido ás decisións tomadas pola Vicerreitoría de Organización Académica e PDI sobre prazas e aprobadas polo Consello de Goberno da USC, a pesar das peticións dos departamentos e do Centro.”

En relación co tema obxecto das queixas é preciso citar o que o Valedor do Pobo na súa recomendación do 30/07/2015 indica ao respecto e que o Valedor da Comunidade Universitaria subscribe:

“1-A falta de docencia (e, nomeadamente, unha falta tan prolongada) supón unha vulneración obxectiva dos dereitos académicos do alumnado a recibir a docencia presencial establecida no plano de estudos legalmente aprobado, nos termos sinalados no POD do departamento e nas guías docentes da materia.../

Todas estas circunstancias repercutiron de xeito directo no alumnado, completamente alleo a todas estas continxencias de xestión académica ou administrativa, pero vítima directa da perda de moitas horas de clase ás que tiña dereito, dos inevitables desaxustes na docencia derivados desta perda e do incumprimento do programa e da planificación docente recollida nas guías. Foron os alumnos os prexudicados pola imposibilidade de acadar as solucións urxentes as que tiñan dereito para garantir a prestación do servizo público da educación

Esta situación é incompatible co abono dos prezos públicos polos créditos matriculados e resulta contraditoria coa obriga de asistencia á clase derivada da presencialidade e avaliación continua dos novos graos adaptados ao EEES.”

Parece ademais oportuno lembrar o que establecen neste ámbito os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela:

Artigo 130

2. En todo caso, a formalización da matrícula supón o dereito de asistencia e participación en todas as actividades formativas que se establezan na programación docente e a ser avaliado.

Artigo 138

1. A docencia das materias establecidas nos programas de estudo será encargada polos centros aos departamentos correspondentes, que deberán garantir a súa realización.

E os dereitos recollidos no Estatuto do Estudante:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

a) Recibir unha formación e unha docencia de calidade, crítica e actualizada, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos pedagóxicos, participando activamente en todo o proceso.

b) Coñecer con anterioridade ao período de matrícula a programación docente, así como os horarios da docencia e de exames.

Por outra banda, a *Normativa de Planificación Académica Anual* para o curso académico 2015/2016, aprobada por acordo do Consello de Goberno da USC do 02/03/2015, recolle no Capítulo II:

2.- Da elaboración do plan de organización docente (POD) polos departamentos

Os departamentos están obrigados a impartir toda a docencia ofertada pola Universidade de Santiago dentro dos seus plans de estudo oficiais durante toda a duración do curso académico, de tal xeito que, no caso dun imprevisto, en ningún caso poderán quedar estudantes sen que se lles imparta a docencia que lles corresponde, con independencia dos recursos que nese momento teña o Departamento, ou de que os procesos de contratación dos novos recursos teñan ou non finalizado.

Por todo iso, *dado o carácter esencial e impostergable da prestación do servizo docente no ámbito da educación superior universitaria e os dereitos do alumnado e obrigas da USC que se están a incumprir, recomendo:*

- *Que de maneira urxente se adopten as medidas necesarias para a restauración inmediata do citado servizo público e a correspondente flexibilización da obrigatoriedade de asistencia a clase, de ser o caso, nas materias afectadas por cambios derivados desta situación.*
- *Que se fagan as previsións e en consecuencia se implementen os procedementos oportunos para que situación análogas ás descritas nas queixas non se reproduzan no futuro.*

Con posterioridade o Sr. vicerreitor de Organización Académica e PDI envía un escrito no que, en resume indica:

1) En relación á recomendación de que de maneira urxente se adopten as medidas necesarias para a restauración inmediata do citado servizo público e a correspondente flexibilización da obrigatoriedade de asistencia a clase, de ser o caso, nas materias afectadas por cambios derivados desta situación.

1. No curso 2015-2016 houbo un elevado número de prazas de profesorado temporal convocadas a concurso público e que non se puideron cubrir ata o inicio do segundo cuatrimestre (fundamentalmente prazas de profesorado asociado e de profesorado interino de substitución). Non obstante, ao profesorado asociado con praza en concurso autorizouse unha prórroga extraordinaria para cubrir a docencia do primeiro semestre. O número de concurso da Facultade foi de 28 (contando as prazas que quedaron desertas que houbo que convocar novamente).

2. Seguindo os procedementos establecidos pola USC, unha vez aprobada por Consello de Goberno a PAA e conforme ao calendario de planificación, o prazo para a solicitude de prazas derivadas das necesidades docentes para ano 2015 rematou en abril.

3. No ano 2015 a situación económica da Universidade atravesou unha complexa coxuntura e tivo que reducir o capítulo I de gastos de persoal, polo que a análise das capacidades docentes das áreas foi analizada polo miúdo e debatida nos órganos correspondentes: Mesa de Negociación Sindical de PDI, a Comisión de Organización Académica (COAP), Consello de Goberno e Consello Social.

4. Con data 2 de xullo de 2015 remitiuse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á Consellería de Facenda a solicitude de autorización para a convocatoria de prazas de carácter temporal. Ata o ano 2015 requíriase autorización previa destas Consellerías para realizar a convocatoria de concursos públicos.

5. Ata o mes de agosto non se recibiu resposta das citadas Consellerías e nalgúns casos houbo que negociar directamente coa Consellería de Educación para poder obter autorización para algunhas prazas.

6. O mes de agosto é inhábil para computo de prazos en materia de prazas de PDI, polo que ata setembro non se puideron publicar as convocatorias.

7. O prazo para a resolución dos concursos é de tres meses, o que supuxo que ata finais de ano 2015 non se cubriaran as prazas obxecto de concurso. No caso concreto da Facultade, houbo ademais solicitude de a ampliación do prazo de resolución dalgún, debido á acumulación de concursos nun mesmo período. Un número importante de profesores asociados tiveron que solicitar a compatibilidade á Consellería da Presidencia xa que algunhas das prazas das didácticas e outras áreas adscritas a Departamentos da Facultade son ocupadas maiormente por profesorado do ensino público. A resolución das incompatibilidades supón un tempo de espera para incorporar efectivos a áreas xa de por si deficitarias.

8. Para cubrir a docencia, naquelas áreas de coñecemento onde existiu a imposibilidade de acudir a unha substitución por algún dos procedementos de urxencia establecidos na Normativa pola que se regula a selección do PDI contratado e interino da USC, empregouse profesorado do cadro de persoal acudindo á fórmula do pago de horas extras ou complementarias así como gratificacións previstas pola normativa vixente. Nalgún caso, como o do Máster acudiuse a profesorado externo para cubrir as necesidades académicas.

9. Segundo indicaron os directores dos departamentos das áreas implicadas, a docencia foi cuberta e cando non se puido cubrir na súa totalidade, realizáronse as actividades cunha titorización ad hoc debido ás circunstancias extraordinarias na que se atopaba a USC.

2) En relación á recomendación de que se fagan as previsión e en consecuencia se implementen os procedementos oportunos para que situacións análogas ás descritas nas queixas non se reproduzan no futuro.

1. Na planificación correspondente ao curso 2016-2017 o Consello de Goberno da USC así como o Consello Social aprobaron prazas de contratado laboral non permanente co obxecto de cubrir as necesidades docentes derivadas das baixas de profesorado (falecementos, xubilacións, renuncias, excedencias, entre outros), ocupación de cargos académicos e outras necesidades xurdidas a raíz da implantación de novos títulos.

2. As áreas deficitarias foron reforzadas nas condicións que neste momento pode abordar a USC. No caso concreto desta Facultade o reforzo foi significativo incorporando á RPT seis prazas de profesor axudante doutor (con capacidade de 240 h. de encargo académico) das oito prazas que se aprobaron na planificación.

3. No relativo ao Máster, este ano acudirase novamente a profesorado externo para cubrir a docencia dalgunha materia moi específica, quedando garantida a docencia.

4. As circunstancias económicas nas que se atopa a USC condicionan a correcta cobertura das necesidades docentes. Nalgunhas áreas están moi axustada a necesidade docente coa capacidade docente do profesorado e nalgúns casos non hai listas de agarda que se podan empregar para cubrir as necesidades urxentes derivadas de causas sobrevidas. Por tal motivo a Vicerreitoría de Organización Académica e PDI resolveu convocar listas de agarda para distintas áreas de coñecemento que podan ter necesidades de cobertura de efectivos.

5. No curso académico 2016-2017 non foi preciso solicitar a autorización previa da Xunta de Galicia para a convocatoria de prazas de carácter temporal, substituíndose pola comunicación das actuacións realizadas, o que sumado aos esforzos realizados polo Servizo de Planificación Académica e a colaboración dos órganos de goberno da USC permiten as prazas de planificación convocadas estean en condicións de ser valoradas polas distintas Comisións de Selección.

Q 1602/01

Foi presentado un escrito por unha alumna no que expón problemas para o recoñecemento e imputación no seu expediente académico de 3 créditos de libre configuración correspondentes a un curso, o que lle impide obter o título de Licenciada e implicaría a adaptación ao Grao. No escrito expón:

- Matriculouse a través da secretaría virtual, superou o curso e obtivo os 3 créditos de libre elección correspondentes. O curso iniciouse o 5 de outubro e rematou o día 28 do mesmo mes do 2015.

- Que a páxina web do curso explicita que o mesmo pertence ao curso 2015/2016 e que “os créditos recoñécense para todas as titulacións de primeiro e segundo ciclo da USC (Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas, Mestre, Licenciaturas e Enxeñarías)” entendendo que debería indicar “todas as titulacións vixentes”.
- Ao recibir os 3 créditos, completando así os 300 da súa titulación, a alumna procedeu a efectuar o depósito do título e ao pagamento das taxas correspondentes.
- Que posteriormente sonlle retirados eses tres créditos e se lle denega a expedición do título mediante comunicación da UXA.

Dáse traslado da queixa á Secretaría Xeral da USC dende onde comunican con posterioridade unha resolución estimatoria do recoñecemento dos 3 créditos no expediente da alumna.

Q 1602/02

Foron presentados escritos de queixa por oito estudantes dun *Máster* en relación coa non impartición de docencia no mesmo por ausencia de profesorado. Nos escritos, en resume, expoñen:

- Que con data 25 de xaneiro de 2016 iniciouse a actividade académica nos ditos estudos, sen que tiveran clase presencial debido á ausencia do profesorado.
- Que se lles informa da dificultade para efectuar a substitución das docentes por seren interinas, a pesares da previsible longa duración da baixa laboral.
- Instan a que se adopten as medidas oportunas para procurar unha solución o máis axiña posible a situación descrita, que lles resulta vergoñenta.

Remítese a queixa á Vicerreitoría de Organización Académica e PDI .

Con posterioridade, en datas próximas á presentación da queixa, a alumna comunica que xa se asignara docente e comezaran as clases nas materias.

Q 1602/03 => Recomendación

Queixa efectuada de oficio:

Estanse a producir situacións trasladadas polo alumnado da USC a esta Institución en forma de consultas ou mesmo de queixas sobre problemáticas non contempladas na normativa específica desta Universidade ou que implican certa excepcionalidade que a xuízo deste Valedor deberían ser tidas en conta.

Apreciando tamén unha falla de sintonía entre as demandas da sociedade e as actuacións que neses ámbitos desenvolve a Universidade de Santiago de Compostela, ou noutros casos, quedando supeditada á discrecionalidade ou interpretación do profesor ou da facultade a posible solución a unha situación excepcional

As problemáticas detectadas e manifestadas polo alumnado son:

- Conciliación actividades académicas - actividade laboral
- Conciliación actividades académicas - vida persoal e familiar
- Compatibilidade obrigas académicas con situacións de saúde

1º.- A dificultade ou mesmo imposibilidade de compatibilizar o estudo cunha actividade laboral.

A Normativa de Asistencia á clase recolle ao respecto:

.../Polo tanto, a asistencia a clase se configura como un dereito/deber dos alumnos/as, sendo a programación docente de cada materia a que determina e concreta as actividades formativas obrigatorias.

A asistencia a clase non debería considerarse como un fin en si mesma, senón que o importante é valorar os resultados do proceso de aprendizaxe e os coñecementos adquiridos coa asistencia ás actividades presenciais. Interesa que o profesorado faga ver ao alumnado os beneficios que fornece esta asistencia a clase: mellor comprensión da materia, adquisición de competencias en grupos e individuais, aprendizaxe continua, interacción directa con outros alumnos e alumnas, posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa, etc..

Por outra banda, o coñecemento dos motivos da non asistencia a clase é importante para a mellora continua das titulacións. Determinar as causas son fundamentais para unha mellora dos resultados da titulación. Deste xeito é necesario ter a información, analizar as causas e establecer pautas de mellora en conexión cos sistemas de xestión de calidade dos centros.

Mais na práctica nesta Universidade á implementación da obrigatoriedade de asistencia a clase foi recollida practicamente de forma sistemática na maioría da programación docente das materias e nalgúns casos converténdose nun fin en si mesma que impide a superación da materia.

Neste aspecto hai que sinalar o que considera a *LEI 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (SUG)*:

O ensino universitario é un servizo público, e o SUG é o seu provedor na nosa comunidade, a través das institucións que forman parte del. Partindo desta premisa, a lei recoñece o papel das universidades como puntal da sociedade do coñecemento, institucións indispensables para lograr a cohesión económica e social, polo que a formación que ofrecen debe dar resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, entendendo o estudo na universidade como un contínuum na vida das persoas, debe atender estas demandas e adaptarse ás novas necesidades sociais, de xeito que contribúa a fortalecer a cohesión social e a reducir as desigualdades.

Non cabe dúbida que, ademais de distintas inxerencias persoais, a nova situación socioeconómica e as novas necesidades sociais implican que exista unha demanda real da sociedade para unha formación continua ao longo da vida laboral ou unha necesidade puntual de formación na procura dunha perspectiva de mellora no mesmo eido. É frecuente que estudantes traballadores queiran cursar estudos de Máster e compatibilizalos co seu traballo, ou realizar estudos de Grao que lles poida implicar unha mellora na súa formación. Na práctica na USC é imposible compatibilizar a realización das dúas actividades: obrigatoriedade de asistencia a clase, non existencia de métodos de ensinanza/aprendizaxe alternativos, horarios non adecuados coa xornada laboral: nos mesmos estudos de Grao nun curso son en quenda de mañá e no seguinte son en quenda de tarde, etc...

O que non deixa de ser un paradoxo: a USC desbota este tipo de potencial alumnado mentres realiza inxerentes esforzos na captación de estudantado: programa a ponte, estudantado estranxeiro...

E a mesma *Lei 6/2013* invita a explorar novas vías:

En pleno século XXI débense aproveitar as vantaxes transformadoras das TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) e outras novas tecnoloxías que enriquecen o ensino, melloran as perspectivas de aprendizaxe, apoian a aprendizaxe personalizada, facilitan o acceso mediante a

aprendizaxe a distancia e a mobilidade virtual, racionalizan a administración e crean novas oportunidades de investigación.

CAPÍTULO V Das ensinanzas universitarias non presenciais

Artigo 34. Promoción

Co fin de favorecer a cohesión social, o equilibrio territorial e a igualdade de acceso aos estudos superiores universitarios, a Xunta de Galicia promoverá a impartición de ensinanzas universitarias na modalidade non presencial por parte das universidades do SUG.

Todo iso acontece a pesares de que a Lei 6/2013 recolle como dereitos do estudantado do SUG:

Artigo 104. Dereitos 1. Son dereitos dos e das estudantes do SUG os recoñecidos na Constitución, na lexislación orgánica de universidades, no Estatuto do estudante universitario, noutras normas legais e regulamentarias e, en particular, os seguintes:

l) Recibir unha atención que facilite compaxinar os estudos coa actividade laboral e outras circunstancias persoais, tales como embarazo, lactación ou cargas familiares, que prevexa cada universidade nos seus estatutos ou normativa interna.

E mesmo os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela indican:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

ñ) A unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral.

O artigo 130 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) sinala que “a formalización da matrícula supón o dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia e a ser avaliado. Asemade, implica o deber de asistencia e realización daquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na guía docente. Con carácter singular para casos específicos, a xunta de centro poderá conceder a dispensa de asistencia a clase. Nestes casos, se fose necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral”.

2º.- Conciliación do estudo na USC coa vida persoal e familiar:

A USC recolle de forma explícita a súa vontade neste eido, e a posta en valor do coidado dos fillos e persoas dependentes a cargo, mais na práctica non se teñen implementado medidas efectivas que impliquen a posibilidade dunha compatibilización real. Nese sentido o *II Plan estratéxico de igualdade entre homes e mulleres da USC* indica:

Recoñecemento da maternidade e a paternidade como un valor social

O ritmo de vida actual, as presións do mercado de traballo e mesmo cambios culturais e sociais ligados á sociedade do benestar teñen contribuído a desvalorizar a función social da maternidade. Así, é preciso insistir no recoñecemento da maternidade como un valor social e como unha realidade que debe ser vivida tanto pola nai coma polo pai co apoio da sociedade. Para apoiar o valor social da maternidade e a paternidade é preciso evitar os efectos negativos da maternidade nos dereitos das mulleres e promover a consideración da paternidade nun contexto familiar e social de corresponsabilidade, de acordo cos novos modelos de familia.

Conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Ata agora a conciliación viuse máis como un “problema” que coma unha “solución” ás desigualdades de xénero. A USC, e a sociedade en xeral, deben avanzar cara a unha visión da conciliación como un

asunto que atinxe aos dereitos das persoas. Por iso a nosa institución comprométese á adopción das medidas necesarias para facer posible a compatibilidade efectiva entre as responsabilidades laborais, familiares e persoais das persoas que conforman a comunidade universitaria, mesmo indo máis aló dos mínimos esixidos polas normas legais vixentes.

E só establece unha acción de mellora ao respecto para o alumnado, que consideramos deberían afondar e ampliar:

Acción 4.10 Garantir que nas demandas de cambio de grupo teña preferencia o alumnado que sexa responsable do coidado de persoas dependentes

Descrición: Cando se dean solicitudes de cambio de grupo, aqueles alumnos e alumnas que exerzan como coidadores/as de persoas dependentes terán prioridade e facilitaráselles dito cambio.

Cando xa aparece recollido como un dereito específico do estudantado no art. 33 dos Estatutos da USC:

l) Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e para outros casos debidamente xustificadas.

3º.- Situacións sobrevidas de enfermidade grave ou de tratamentos médicos inaprazables:

Poden implicar a imposibilidade de realización dalgunhas actividades académicas ou mesmo dunha proba de avaliación na data oficialmente sinalada. A resolución destas situacións coa normativa actual non é homoxénea, quedando ao albur da discrecionalidade ou da perspectiva humana de quen teña que adoptar a decisión: profesorado, centro..., e que ás veces se constata carente de sensibilidade.

Cómpre aquí volver a citar o establecido nos nosos Estatutos:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

c) A adaptación das actividades docentes, así como das datas e mecanismos de avaliación, ás condicións ou circunstancias especiais en que se poida encontrar por discapacidade ou calquera outra que lle limite o exercicio dos seus dereitos académicos.

Así pois, recomendo que se adopten as medidas necesarias para dar efectivo cumprimento aos dereitos que xa se recoñecen nos textos normativos referidos nesta recomendación, adecuando as diferentes normativas específicas da USC (avaliación, asistencia, guías docentes...) para adaptalas tamén ás necesidades e demandas da sociedade actual, o que sen dúbida redundará nunha mellor prestación de servizos á mesma.

A Secretaría Xeral da USC indicou o seguinte ao respecto:

“En relación ao expediente Q 1602/03, unha recomendación baseada nun conxunto de queixas presentadas polo alumnado da USC e relativas á conciliación da actividade académica coa actividade laboral, coa vida persoal e familiar, ou con outras situacións conectadas con problemas de saúde, médicos, etc. , interesa indicarlle que a cuestión é certamente complexa e que hai a vontade de tratala no marco dunha norma ou protocolo sobre a asistencia ás aulas, o rendemento académico , os hábitos de conduta e outras vicisitudes da vida cotiá. Tal vontade esixe a intervención dos órganos de goberno

da Universidade e o coñecemento da opinión da comunidade universitaria. Por todo iso, será mais acertado comezar por afrontar algún asunto puntual como a asistencia ás aulas ou a realización dos exames nos casos de problemas de saúde.”

Q 1602/04

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna egresada de Grao en relación co desenvolvemento das Prácticas Tuteladas no que expón o seguinte:

“Soy exalumna de la Facultad... de la USC y realicé las prácticas en la convocatoria febrero-julio 2015 en Durante dicha estancia de prácticas manifesté mi desacuerdo con el trato recibido en ... y pese a que no hubo ningún tipo de medida, también lo manifesté en la valoración que la facultad nos permite rellenar el día que nos examinamos de las prácticas. Pese a ser la tercera valoración negativa consecutiva de dicha ..., en esta convocatoria septiembre-febrero de nuevo ha sido enviado un alumno en prácticas quien siguiendo la dinámica habitual ha manifestado sus quejas en el decanato.”

O informe solicitado á Sra. decana da Facultade indicaba:

"Comunícolle que a Facultade non ven realizando de forma oficial, no marco do Sistema de Garantía Interna de Calidade, ningunha enquisa na que se valore positiva ou negativamente as farmacias nas que van realizar as prácticas os estudantes.

Non obstante, de forma oficiosa realizase, ao finalizar a súa estancia, unha enquisa ou valoración con ítems como: cumpríronse as túas expectativas, estou contento coa atención recibida na farmacia, a farmacia reúne as características que ofrecía, etc.

A información recollida nestas enquisas en ningún caso determinan valoracións negativas ou positivas das Estas enquisas serán valoradas pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas (Colexios galegos e Facultade) na reunión que se celebrará no presente curso, e na que se adoptará a decisión ou non de oficializar as mencionadas enquisas ademais de tratar se se establecen pola Comisión os criterios mínimos que se solicitarán as farmacias que se ofertan para a realización das prácticas tuteladas."

Q 1602/05

Foi presentado un escrito por un alumno en relación coa imposibilidade de trasladar o seu expediente a unha Universidade a distancia. No escrito expón:

Con el fin de no perder el año y con ayuda de mis padres encontramos que en una universidad no presencial me admiten para comenzar el curso ahora. Hemos realizado la correspondiente matrícula y pago de la misma pero nos piden el traslado de expediente.

He solicitado el correspondiente traslado a la USC y la respuesta ha sido denegarla porque consideran que no se puede simultanear dos estudios al mismo tiempo.

Mi intención no es simultanear los estudios pero no me dejan darme de baja en la titulación matriculada en la USC por un problema de plazos. Mi deseo es cursar el 1º año en la universidad no presencial y conseguir a lo largo de este curso los créditos suficientes para volver el próximo curso a seguir mis estudios en USC y de esta forma no perder este año académico, aunque la normativa parece que me lo dificulta.

Yo con mucho, muchísimo, gusto firmo la renuncia a la titulación de la USC y no deseo reclamar nada. Lo que queremos tanto mis padres como yo es no perder este año y poder hacer los estudios que realmente deseo.

Soy consciente de mi equivocación a la hora de elegir estudios en la USC y no pongo en duda ninguna de las razones que me han dado, pero agradecería que me resolvieran este problema para no tener que perder el curso completo.”

A USC denegoulle o traslado de expediente con simultaneidade de estudos por non cumprir a normativa vixente sobre simultaneidade de estudos entre titulacións adaptadas ao EEES, mais anulouse a matrícula na USC sen dereito a devolución de prezos públicos e o alumno formaliza matrícula na Universidade non presencial.

Q 1602/06

Foi presentado un escrito por un alumno en relación coa imposibilidade de acceso aos datos que obran no seu expediente académico por estar inmerso no procedemento de recadación de impagos. No escrito expón:

En los días pasados, he intentado acceder a mi expediente académico, ya que he recibido una oferta laboral para la que necesito enviar el mismo. Al intentar conseguir dicha información a través de la Secretaría Virtual, me he encontrado con que no podía acceder a la misma debido a las deudas que tengo con la USC.

Así pues, me gustaría saber si es legítimo que se me restrinja el acceso a mi expediente, teniendo en cuenta que en él figuran las asignaturas que yo ya he completado exitosamente en el pasado, por las cuales ya he abonado los respectivos montos. Entiendo que al contraer una deuda con la universidad dejo de gozar de ciertos derechos de los que gozan los alumnos, como el acceso a la secretaría o al campus virtual, pero me parece inaudito que ni siquiera se pueda, como me han indicado, dejar una constancia de que he estudiado cuatro años de carrera y de que he completado esa cantidad de créditos. ¿De quién es propiedad el expediente? ¿Del alumno o de la universidad? ¿Por qué no se puede dejar constancia de que he conseguido unos créditos por los que he pagado a la universidad y que, por lo tanto, son de mi propiedad?

Por iso solicitouse á Secretaría Xeral un informe en relación aos aspectos expostos e que motivan a presentación da queixa, tendo en conta a aparente contradición entre os impedimentos e medidas cautelares aplicados segundo a R.R. sobre Pagamento e Recadación de Impagos por Matrícula e os dereitos que a Lei 30/92 reconece a todos os cidadáns sobre o acceso aos expedientes.

Indicando a Secretaría Xeral ao respecto o seguinte:

.../4. O procedemento de recadación de impagos ven regulado no punto 64 da Convocatoria de matrícula para o curso académico 2015-2016 na Universidade de Santiago de Compostela, e na Resolución Reitoral do 30 de abril de 2013 sobre pagamento e recadación e impagos por matrícula. En ámbalas dúas normas establécese que a resolución reitoral de suspensión de matrícula por reclamación de falta de pagamento que se notifique ao alumnado incluírá, entre outras, a seguinte medida cautelar, a imposibilidade de consulta do alumnado do seu expediente nas Unidades de Xestión Académica ou na Secretaría Virtual. Convén facer constar que ditas normas son de coñecemento público e estaban publicadas oficialmente e en vigor antes de que o alumno realizara a formalización da súa matrícula, polo que o reclamante debía coñecer o seu contido antes de formalizar a súa matrícula.

5. A exposición de motivos do Decreto 90/2015, do 18 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015/16 (DOG do 2/07/2015), establece que, “Unha vez transcrito o prazo establecido por cada universidade, se é o caso, para que o/a solicitante de matrícula desista da súa solicitude, o feito de non facer efectivo o pagamento dos prezos públicos universitarios ou de calquera dos seus fraccionamentos nos prazos establecidos na resolución reitoral, comportará a exixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do/a obrigado/a ao pagamento, consonte a normativa vixente” Este decreto é aplicable a todas as universidades do Sistema universitario de Galicia, e establece os criterios polo que estas universidades establecen os prezos públicos dos seus estudos.

6. Rematado o período de pagamento voluntario, a USC inicia o procedemento de recadación executiva e establece as medidas cautelares previstas. No presente caso unha das medidas cautelares establecidas tanto na Convocatoria de matrícula como na R.R. do 30 de abril de 2013, ten a finalidade, acorde co establecido na exposición de motivos do Decreto 90/2015, do 18 de xuño, de que o alumno non poda facer uso dos servizos académicos polos que non pagou ao non facer fronte ao pagamento da súa matrícula, pagamento que precisamente lle dá dereito aos servizos académicos vinculados á matrícula, entre os que se atopa o acceso por parte do alumnado ao seu expediente na UXA ou na súa Secretaría Virtual.

7. Mentres subsista a débeda por impago de matrícula, a USC e ata que se produza o pagamento efectivo da mesma o alumno non poderá ter acceso ao seu expediente académico, nin a través da súa Secretaría Virtual nin facilitándosele o mesmo, en formato papel, a través da UXA, xa que o contrario suporía unha grave discriminación fronte o resto do alumnado que si ten que pagar por estes servizos académicos, e que así efectivamente o fai no momento no que abona o prezo da matrícula.

8. Non obstante se o alumno quere ter acceso aos datos poderá visualizalo nun ordenador in situ, para o cal deberá solicitalo na correspondente Unidade de Xestión Académica, pero non se lle poderá expedir ningunha copia do mesmo. Por outra banda, se o alumno desexa obter un certificado do contido do seu expediente académico, no que figurarán só aquelas materias polas que o alumno non devengue débedas coa universidade, o poderá solicitar na correspondente UXA, pero no certificado constarán todas as circunstancias vinculadas ao correspondente expediente, incluída a situación do seu expediente derivada do impago da matrícula.

Información da que se lle deu traslado ao presentador da queixa.

Q 1603/01

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa demora na resposta a unha solicitude para cursar dúas materias nun Máster. No escrito expón:

“El año pasado realicé un máster de la USC, suspendí dos de las asignaturas y para este curso solicité cursar el máster pero sólo las 2 asignaturas suspensas. Llevo desde el mes de noviembre esperando la resolución de mi solicitud y siempre que pregunto por ello me dicen que siga esperando. El máster va a iniciar el segundo semestre, con las asignaturas que debería cursar y no sé si debo o no sumarme a las actividades.”

O informe da Sección de Posgrao, 3º ciclo e formación continua indicaba:

“No relativo ao escrito presentado pola alumna, cómpre comunicar que iniciou o procedemento no mes de novembro e que se formalizou provisionalmente a matrícula nese máster propio no mesmo mes de novembro, polo que formalmente esta vinculada ao curso e pode realizar as materias no momento de impartirse.

Paralelamente se realizan un trámite administrativo no que se solicita aos responsables do curso un informe sobre a petición da alumna e posteriormente se envía esa documentación, xunto con outras peticións similares doutros cursos de posgrao propio ao Centro de Posgrao para que resolvan na Comisión correspondente, e posteriormente se emite unha resolución que se traslada ao solicitante.

Neste momento estamos pendentes de recibir o acordo da Comisión de Posgrao Propio da USC, para emitir a dita resolución, na que se indican os efectos económicos do recoñecemento.

Pero académicamente a alumna xa ten o dereito a asistir a docencia desas materias, para posteriormente de superar o máster propio, poder solicitar o título correspondente.

Por último indicar que é certo que houbo algo de demora na resposta formal en canto á resolución, pero tendo en conta que é un trámite administrativo paralelo, non afecta ao ámbito académico adquirido. Nestes casos, agardamos a ter os expedientes dos diferentes alumnos que solicitan un recoñecemento de estudos propios, ao non ser enviados individualmente.

Obviamente, nas vindeiras peticións, será pertinente por parte desta Sección, realizar este trámite individualizadamente e así evitar algunha situación parecida, non imputable a alumna.”

Q 1603/02

Foi presentado un escrito asinado por once membros do Consello de Goberno e con dous escritos de adhesión, respecto do proceso de reorganización de departamentos e a non inclusión na orde do día da convocatoria do Consello de Goberno de puntos solicitados ao abeiro do artigo 15 do Regulamento de dito órgano, por entender os asinantes que se produce unha situación de indefensión ao impedir que se poidan pronunciar de xeito singular sobre cada unha das solicitudes de excepcionalidade presentadas polos distintos departamentos.

Solicitado informe á Secretaría Xeral, indica o seguinte:

“1.- A Instrución de 21 de setembro de 2015, publicada no Taboleiro electrónico oficial o día 23 de setembro determina no seu anexo que antes do 22/12/2015 o Consello de Goberno debe realizar a “Aprobación, se procede, das solicitudes de creación ou modificación de Departamentos” e a “Aprobación, se procede, das solicitudes de excepcionalidade”.

2.- Con data do 16 de decembro de 2015 se convoca unha sesión extraordinaria do Consello de Goberno para o día 22 do mesmo mes coa seguinte orde do día:

1. Debate e aprobación, se procede, do informe da COAP sobre proxectos de excepcionalidade de Departamentos
2. Debate e aprobación, se procede, do informe da COAP sobre proxectos de creación, modificación ou supresión de Departamentos”

3.- Con data do 17 de decembro de 2015 ten entrada no Rexistro unha solicitude de 19 membros do Consello de Goberno no que solicitan a inclusión na orde do día da vindeira sesión do Consello de Goberno dos seguintes puntos:

- “Debate e aprobación se procede, de maneira singularizada da condición de excepcionalidade solicitada por cada departamento
- Debate e aprobación se procede, de maneira singularizada da creación ou modificación do departamento correspondente e supresión do/s que corresponda”

Neste escrito non se fai referencia á convocatoria realizada o día anterior.

4.- Con data do 18 de decembro de 2015 se fai unha corrección de erros da Convocatoria do Consello de Goberno, pasando os puntos da orde do día a ter a seguinte redacción:

1. Debate e aprobación, se procede, do informe da COAP sobre solicitudes de excepcionalidade de Departamentos
2. Debate e aprobación, se procede, do informe da COAP sobre solicitudes de creación, modificación ou supresión de Departamentos

5.- Foi convocado un Consello de Goberno ordinario para o día 11 de febreiro de 2016. Na orde do día non figuraba nada relacionado coa reorganización de Departamentos. Non obstante o anterior, dez membros do Consello de Goberno presentan con data do 11 de febreiro de 2016 impugnación contra a convocatoria do Consello por entender que non se incluíron os puntos da Orde do día solicitados no escrito do 17 de decembro de 2015. A este escrito acompañan varios correos electrónicos adheríndose ao mesmo, pero a simple impresión de correos electrónicos sen asinar, non poden ser considerados válidos como mostra inequívoca da vontade de asinar un escrito. O recurso foi contestado por Resolución Reitoral de 17 de febreiro de 2016, resolvendo desestimar a solicitude.

6.- Con data do 25 de febreiro se convoca un Consello de Goberno extraordinario para o día 1 de marzo, onde de xeito individualizado se debe analizar a proposta de reorganización dos departamentos en

consonancia con acordos anteriores e coa proposta da Comisión Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) .../

Como se pode apreciar, o Consello de Goberno fixo unha análise individualizada da situación de cada Departamento, polo todos os membros puideron opinar sobre a situación concreta de cada un deles.

7.- Sobre o fondo do asunto debe sinalarse que a **regulación xeral sobre convocatorias** figura na LRXAP-PAC, que establece:

Artículo 23. Presidente.

1. *En cada órgano colegiado corresponde al Presidente:*

a) *Ostentar la representación del órgano.*

b) *Acordar la convocatoria de las sesiones ordinarias y extraordinarias y la fijación del orden del día, teniendo en cuenta, en su caso, las peticiones de los demás miembros formuladas con la suficiente antelación.*

Pola súa banda no Regulamento de Réxime interno do Consello de Goberno figura

Artigo 15. O contido da orde do día

1.- *A convocatoria do Pleno do Consello de Goberno correspóndelle ao reitor, quen elaborará a orde do día asistido polo secretario xeral.*

2.- *Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos relativos á aprobación da acta da sesión anterior e aos rogos e preguntas, agás que a sesión fose extraordinaria.*

3.- *Asemade figurarán na orde do día os puntos que previamente solicitará por escrito unha quinta parte dos membros do Consello de Goberno.*

A regulación da reorganización de Departamentos procede da Instrución de 21 de setembro de 2015, publicada no Taboleiro electrónico oficial o día 23 de setembro. No anexo figura que antes do 22/12/2015 o Consello de Goberno debe realizar a

“Aprobación, se procede, das solicitudes de creación ou modificación de Departamentos” e a “Aprobación, se procede, das solicitudes de excepcionalidade”.

8.- Debe destacarse que a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) é unha comisión delegada do Consello de Goberno, a cal ten entre as súas funcións *“informar dos asuntos presentados (...) polos vicerreitores”* e *“elaborar as propostas concordantes coa súa natureza”* [art. 32, a) e b) Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno].

Esta Comisión procedeu a emitir un informe na súa reunión do 14 de decembro de 2015 sobre as solicitudes de excepcionalidade de Departamentos e sobre as solicitudes de creación, modificación ou supresión de Departamentos. Dito informe, como proposta de resolución, foi sometido á consideración do Consello de Goberno no seu Pleno extraordinario do 22 de decembro de 2015, que, en plenitude das súas funcións, decidiu ratificalo e, polo tanto, facer súa a proposta da COAP sobre a estimación ou a desestimación das solicitudes dos diferentes departamentos que compoñían os dous puntos da orde do día.

9.- como se pode apreciar, tanto na solicitude dos 19 membros do Consello de Goberno como na convocatoria final realizada, os contidos da Orde do día son os mesmos e derivan do necesario acordo sobre a materia establecido na Instrución do 21-IX-2015.

A única posible discrepancia é se a votación das *“excepcionalidades”* ou da *“creación, modificación ou supresión de Departamentos”* se fai *“de maneira singularizada”* (e dicir petición a petición) ou sobre a proposta de resolución realizada pola Comisión delegada (COAP).

10.- Dos feitos indicados procede considerar que a petición de convocatoria de Consello de Goberno realizada por 19 membros do órgano con data do 17 de decembro viuse cumprida coa convocatoria do día 16 (corrección de erros do 18) por tratarse dos mesmos contidos establecidos na Instrución do 21-IX-2015.

O feito de que existira discrepancia sobre o sistema de votación non enerva a conclusión anterior. O sistema de votación sobre o asunto obxecto de debate non é necesario que figure na orde do día nin o poden imponer os membros do órgano, xa que o método de votación debe fixarse polo Presidente ou polo propio órgano.

No presente caso, igual que ven acontecendo en supostos similares, a votación se realizou sobre a proposta da Comisión que ten delegadas as competencias na materia e ademais existiu un Consello de Goberno específico para aprobar un a un os cambios nos Departamentos, polo que non se ocasionou ningún tipo de indefensión.

11.- Por todo o anterior cómpre concluír que o obxecto da petición do 17 de decembro (inclusión de puntos da orde do día nunha convocatoria de Consello de Goberno) xa foi cumprida xa que ambos se referían ao mesmo punto que é o establecido no anexo da Instrución de 21 de setembro de 2015 e tales puntos foron debatidos e acordados polo Consello de Goberno

Dado que sobre os puntos propostos xa se adoptaran os correspondentes acordos, non procedía unha nova Convocatoria dun Consello de Goberno sobre un mesmo contido sobre o que o mesmo órgano xa se pronunciou.

Non se aprecia indefensión polo feito de realizar a votación sobre unha proposta do órgano que ten delegada a competencia na materia. En todo caso os membros do Consello de Goberno tiveron capacidade de pronunciarse sobre a situación da reorganización de cada Departamento obxecto de reestruturación no Consello de Goberno do 1 de marzo de 2016.”

Q 1603/03

Foi presentado un escrito por unha estudante do *Curso Ponte para a obtención dun Grao* en relación coa non devolución de prezos públicos aboados por créditos validados.

Admitida a queixa a trámite solicítouse informe ao Sr. xefe da Unidade de Xestión Académica no que indica:

“Na Convocatoria de Matrícula para o curso académico 2015/16, Resolución Reitoral do 12 de xuño de 2015, no seu apartado 9.4 MODIFICACIÓNS POR RECOÑECEMENTO, ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓN, establécese que “O alumno terá dereito a modificar a matrícula no prazo dos dez días seguintes ao da resolución estimatoria e á devolución de prezos que poidan corresponder respecto das solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo ordinario de matrícula do primeiro semestre.

As resolucións de recoñecemento ditadas como consecuencia de solicitudes presentadas noutros períodos non darán dereito a modificar ou anular matrícula”.

Dito o anterior, en aplicación dese apartado, á persoa que presenta a queixa de referencia, quen solicitou o recoñecemento fóra do prazo establecido a tales efectos dentro do período ordinario do primeiro semestre, procedeuse a imputar no seu expediente académico o recoñecemento das Prácticas Tuteladas, máis a matrícula non é obxecto de anulación polo que está correctamente liquidada ó 100% do seu valor.”

Unha vez analizado o anterior informe e tendo en conta que o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro establece:

Artículo 7. Precios públicos de las enseñanzas universitarias oficiales.

.../, en las enseñanzas conducentes a la obtención de títulos de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, e impartidas en universidades públicas, *los precios públicos y derechos los fijará la Comunidad Autónoma, dentro de los límites que establezca la Conferencia General de Política Universitaria, que estarán relacionados con los costes de la prestación del servicio.*

E que no caso referido o único servizo que está a prestar a Universidade é o recoñecemento en forma de créditos dunha experiencia laboral ou profesional. O informe do Sr. xefe da UXA indica que a normativa propia da universidade contempla o dereito á devolución de prezos que poidan corresponder, pero limitando dito dereito á súa aplicación nun período de tempo determinado (solicitudes presentadas no prazo ordinario de matrícula do primeiro semestre). Sendo que o servizo que presta a USC nestes casos é sempre o mesmo, independentemente do período no que sexa requirido polo estudantado.

Por iso, *solicítouse da Secretaría Xeral un informe en relación coa aparente falla de harmonización entre o establecido no citado Decreto, e en correspondencia no Decreto 90/2015, do 18 de xuño de prezos públicos, e a aplicación que fai a USC derivada das súas propias normativas.*

No informe remitido pola Secretaría Xeral, entre outras cuestións, recóllese que:

5.- Con data 8 de marzo de 2016 solicita a devolución do 75% de prezos públicos da matrícula na materia "Prácticas Tuteladas" do Grao do curso académico 2015/16, alegando ter recibido unha información errónea sobre a matrícula da mesma.

6.- Con data do 25 de abril de 2016 se acorda estimar a solicitude formulada pola alumna e proceder a devolución do 75% dos prezos públicos da materia "Prácticas Tuteladas" do Grao do curso 2015/16. A Unidade de Xestión Académica procederá a execución da resolución. Acompáñase copia da Resolución.

Polo que procedemos ao remate da tramitación da queixa e ao seu arquivo.

Q 1603/04

Foi presentado un escrito por unha usuaria do servizo da Piscina Universitaria en relación coa salubridade da auga en ditas instalacións. No escrito expón:

".../ quiero comunicar que hace un mes que no se pasa el robot de limpieza en la piscina universitaria; las rejillas del fondo están tupidas por la porquería.

Esto supone un riesgo para todos los usuarios, por lo que solicito que tomen medidas urgentes o que se cierren las instalaciones."

No informe solicitado o Sr. director do Servizo de Deportes da USC xustifica ao respecto:

– A avaría do limpafondos automático o día 12 de marzo impediu a limpeza do fondo do vaso durante a semana anterior a semana santa e os primeiros días da semana posterior. Por outra banda, a Piscina permaneceu pechada durante a semana santa. A alternativa ao limpafondos automático é pasar a varredora, o que se viña facendo de xeito manual antes do horario de apertura ao público da Piscina, cando era necesario, para non ter que pechala. Temos que engadir que dende setembro o persoal encargado do mantemento da Piscina (calefactor) foi readscrito a Área de Xestión de Infraestruturas, quedando esta tarefa, para nós (así o comunicamos en diferentes ocasións á AXI), englobada no contrato de fontanería.

– As actuacións levadas a cabo ata o día de hoxe foron as seguintes:

- Comunicar á AXI a avaría do limpafondos para a súa reparación urgente, reparación que non foi posible resolver cos seus medios. Diante desta situación, pídese orzamento ao servizo técnico para a súa reparación e procédese a o seu envío a Barcelona e solicítase, paralelamente, do Servizo de Xestión Económica que, en virtude do contrato de limpeza vixente, requira á empresa para que poña a disposición do Servizo, o antes posible, o limpafondos automático ofertado como mellora.
- Mentres se require á AXI para que envíe á empresa de fontanería ou ao calefactor para realizar esta tarefa mentres non se atopa outra solución. Por resposta recibimos reiteradamente a súa negativa xa que consideran que non é unha tarefa asumible por una empresa de fontanería e que, por tanto, nin o vai a facer nin vai a constar no contrato previsto e que tampouco o consideran tarefa do calefactor. Nos remiten por activa e por pasiva a empresa de limpeza, cuxo contrato en vigor non a recolle ou a que a faga o persoal do noso Servizo.
- Diante desta tesitura pídense orzamentos para contratar externamente esta tarefa ou alugar un limpafondos automático. As xestións foron infrutuosas porque ou ben foi imposible alugalo ou ben porque nin se atreveron a facilitar un orzamento para ese traballo, dado o considerable gasto que podería supoñer para o Servizo.
- Por último solicitouse a intervención de Xerencia para mediar entre nós e a AXI pero xa estabamos metidos a 23 de marzo pola noite e acordouse retomar, por vía de urxencia, este tema o luns 28.
- O día 28, a partir do mediodía, empezaron as queixas das/os usuarias/os que foron aumentando ao longo da tarde. O día 29 solicítase a vicerreitora que, ante as queixas e aínda que os datos son bos,

autorice o peche da Piscina ata que se solucione o problema. O día 30 Xerencia da orde á AXI para que colabore co Servizo no desempeño desta tarefa. O día 31 procédese a limpeza do fondo do vaso e Xerencia comunica que dita tarefa corresponde facela ás/aos oficiais de servizo (Ofis).

- O 4 de abril solicítase formación para os Ofis pero non da tempo a convocala. O día 5, convócase dita formación para o día 6 e avísase ás/os usuarias/os que a Piscina permanecerá pechada entre ás 11:30 e ás 13:30 horas.
- Dáse traslado a vicerreitora do peche.
- Fórmase a dous Ofis.

– As actuacións previstas son:

- Recibir o limpafondos. Data estimada, día 6 pola tarde.
- Proceder a limpeza habitual co limpafondos automático. Data estimada, noite do día 6 ou noite do día 7.
- Dispoñer do limpafondos automático que a empresa de limpeza ofertou.
- Propoñer a Xerencia a reestruturación da nosa área de instalacións, prioritariamente con vistas a recuperar a figura do persoal de mantemento de piscina e instalacións e mellorar a oferta e calidade dos nosos servizos.
- Peches da instalación, nos casos estritamente necesarios, para pasar a varredora agás que Xerencia dea outra solución.

– O Servizo de Deportes comprende e lamenta profundamente a sensación de inseguridade que a acumulación visible de lixo no fondo do vaso da Piscina pode producir ás/aos usuarias/os, a pesar de informarlles de que todos os parámetros de calidade son correctos e de darlles as explicacións necesarias en todo momento sobre este asunto cando así o demandan.

Por tanto, reiteramos que non existe, nin existiu, tal risco, segundo a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo vixente nesta materia, e que se adoptaron as medidas oportunas en cada caso. De todas estas actuacións deuse conta e o debido traslado ás partes implicadas, respectándose escrupulosamente os dereitos das/dos afectadas/os, e ademais de ningunha delas desprendeuse a necesidade real de pechar a Piscina. Nin que dicir ten que continuaremos traballando, aportando solucións, diálogo e sentido común, para mellorar a calidade dos nosos servizos, sempre na medida das nosas posibilidades e dentro do marco legal vixente.”

Q 1604/01

Foi presentado un escrito por un membro do P.A.S. en relación cos procedementos e protocolos aplicados na USC para dirimir a existencia de posibles situacións de acoso laboral, do que se significan as seguintes acotacións:

Ó longo do ano 2014 a Unidade, e en especial o que escribe, veuse afectado por unha demanda por acoso laboral exposta por unha traballadora que se encontraba adscrita a dita Unidade. Despois de estar dous anos cunha comisión de resolución de conflitos, e unha instrución dun expediente disciplinario sen sanción ningunha para o que escribe, houbo un xuízo un ano despois da instrución no xulgado do Social.

.../

En definitiva, resulta máis que evidente que se fai necesario reformar o funcionamento de ambos órganos, coa finalidade de que podan cumprir có obxecto que lle é propio, é dicir, a obtención da verdade máis alá de todo o prexuízo, victimización dunha das partes e demonización da outra.

.../É por elo que, coa finalidade de que situacións como a referida anteriormente non volvan a suceder, tres membros de esta Unidade mantivemos nas datas 3 de Xuíño e 25 de Setembro dúas reunións co Comité Intercentros, reunións nas que tanto por parte dos sindicatos como por parte dos membros de esta Unidade entendíase necesario adoptar unha serie de medidas que son as que se reflicten nas Actas levantadas e que afectarían non só ó Servizo de Vixilancia da Saúde e á Comisión de Resolución de Conflitos, senón tamén ó procedemento de instrución dos expedientes disciplinarios, o Servizo de Prevención de Riscos e incluso ó Servizo de Correos...

.../

Tamén nos consta que tivo lugar unha reunión do Comité de Seguridade e Saúde onde non se fala nada de este escrito a pesar de que se mandaran as actas en Outubro e se lembrara tres días antes da reunión. A Universidade é coñecedora en todo momento do resultado do xuízo, e todo o problema que nos levou. .../

Efectúanse xestións ante:

- A Secretaría Xeral da USC, que indica que se está a traballar na elaboración dun novo Protocolo que substitúa o *Protocolo de Prevención e Resolución de Procesos de Acoso Psicológico nas Relacións Laborais* que ten aprobado a USC.
- A Xerencia, comunicando que, entre outras actuacións, na vindeira reunión do Comité de Seguridade e Saúde da USC se someterá a análise o escrito de propostas e suxestións que tiña presentado o presentador da queixa.

Q 1604/02

Foi presentado un escrito por unha futura alumna en relación co desenvolvemento do proceso selectivo das *Probas de Acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral*. No escrito expón o seguinte:

“He participado en las pruebas de acceso a la Universidad para mayores de 40 años, cuyos resultados finales fueron publicados el pasado día 23 de marzo, y estando en desacuerdo con la baremación y puntuación adjudicada en la primera fase, así como con la modificación de los criterios de valoración, deseo RECURRIR en plazo legal por las siguientes razones:

1.- La convocatoria original de fecha de 27 de Enero de 2016 ha sido modificada irregularmente el día 15 de Marzo por unos nuevos criterios de baremación que no se adecúan a los de la convocatoria original en el artículo 4.2.1.D. Otros méritos. tal como exige la propia convocatoria.

2.- Además, el cambio de criterios se lleva a cabo coincidiendo con las fechas del 14 al 16 de Marzo en que el tribunal ya disponía en mano de los curriculum de los aspirantes, y estaba valorándolos, siendo justo entonces cuando publica los nuevos criterios de valoración el 15 de Marzo. Por lo que publicar estos nuevos criterios en esa fecha es una presunta irregularidad que vulnera mis derechos objetivos y la baremación de algunos de mis méritos, motivo fundado más que suficiente para anular el proceso.

3.- En la convocatoria inicial y legal que es la de 27 de Enero dice que *"se podrán valorar aspectos relacionados coas competencias do grao ao que se opta tales como coñecementos informáticos, postos de traballo desenvoltos, mobilidade, etc, sempre que non se tiveran en conta noutros apartados."*

Dado que a interesada indica ter presentado unha solicitude ao respecto, *solicítase informe sobre a resposta que se lle dá á mesma, indicando dende Secretaría Xeral que se desestima a solicitude inicial e o recurso de alzada formalizado con posterioridade, ambos os dous argumentados con profusión en canto á motivación da súa denegación.*

Q 1604/03 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa asinado por 12 estudantes que indican conformar a *Plataforma por unha USC en galego*, en relación co emprego da lingua galega no proceso de avaliación do rendemento académico. No escrito expoñen:

“Supoñemos que estará ao tanto da situación lingüística da USC, que deixa relegado ao galego, lingua oficial da propia universidade segundo o artigo número 3 dos seus estatutos, a un papel testemuñal en

moitas facultades. Entendemos que cadaquén poida expresarse na lingua que decida libremente, e non pretendemos interpoñernos niso (faltaría máis), mais tampouco estamos polo labor de resignarnos e ver como a USC non actúa para evitar que non se cumpran os dereitos lingüísticos, que, por desgraza, non se están a cumprir. Comezamos este camiño coa idea clara de que, a situación dos exames, exemplo máis claro deste incumprimento dos dereitos lingüísticos, se resolvera do xeito máis áxil posíbel e a poder ser sen que tivera demasiada repercusión mediática. Hoxe en día, a lingua na que o alumnado recibe os exames (que son documentos administrativos), están na lingua que o albedrío do profesor decida. E, como ben se pode intuír, é na gran maioría dos casos (case o 100% nalgunhas facultades) o castelán. Consideramos insultante que, se o estudiantado desexa examinarse en galego, teña que facerllo constar ao profesorado de cada materia (tendo polo tanto un traballo excesivo que o alumnado que decide examinarse en castelán non sofre) e agardar a que, como dicimos, o libre albedrío do profesor decida se lle apetece ou non facilitar unha copia en galego. E podémoslle afirmar (porque nos ten pasado) que hai quen, a pesares da petición, se nega. Polo tanto, habería que percorrer dous camiños enlazados. Primeiro, que a USC asegure que quen desexa examinarse en galego poida facelo; e segundo, que a USC facilite este dereito sen que o estudiantado teña que estar pendente en cada materia da que se examina.”

En relación co tema obxecto da queixa, cómpre sinalar o que normativa de distinto ámbito indica ao respecto:

- A Constitución Española de 1978:
Artículo 3.
1 El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla.
2. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia:
Artigo 5
1. A lingua de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitalo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.
- Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela:
Artigo 3
1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos.
- O Estatuto do estudiantado da USC:
Artigo 4: Dereitos do estudiantado en canto membros da comunidade universitaria.
.../ O uso do galego a todos os niveis e en todas as relacións coa Universidade.
- O Plan de Normalización Lingüística da USC:
Trata de conxugar os dereitos individuais cos dereitos colectivos, así como as obrigas institucionais cos citados dereitos. A partires dunha análise da situación do coñecemento e uso da lingua galega na

USC, fixa uns obxectivos e as medidas precisas para a consecución dos mesmos. Recollendo como un dos obxectivos principais no ámbito do estudantado: “*Consolidar a lingua galega como idioma de uso normal na vida académica.*”

Por iso, *co fin de dar cumprimento aos mandatos legais e estatutarios, recomendo que adopte as medidas oportunas para lembrar aos Centros e Departamentos o compromiso e vontade que ten manifestado a USC na normalización do uso da lingua galega en todos os ámbitos da vida universitaria.*

En relación coa presente recomendación a Secretaría Xeral comunicou que:

“.../a vicerreitora de Servizos do Campus de Lugo, é a competente para o coñecemento do tema como responsable da normalización lingüística da USC, e que, en colaboración co vicerreitor de Comunicación e Coordinación, están a articular un instrumento a través das novas tecnoloxías (por determinar se é a Secretaría Virtual ou a Aula Virtual, ou equivalente), que facilite aos profesores/as a presentación de exames en galego, e que garanta aos estudantes o emprego do galego.”

Q 1604/04

Foron presentados escritos de queixa por membros do PDI como profesores interinos de substitución por vacante en relación co proceso electoral para a elección de representantes nos consellos de departamento. Nos escritos, en resume, expoñen que:

- Posúen o título de doutor.
- Na listaxe do censo provisional de membros do seu departamento figuraban adscritos como doutores membros do departamento, modificándose na listaxe definitiva ao ser incluídas/o no sector de “restantes categorías de persoal docente e investigador”.
- En ningún momento recibiron comunicación sobre esta modificación o que xunto co carácter da listaxe como definitiva, lles impediu solicitar a corrección da mesma.
- Os Estatutos da USC (art. 104) e o Regulamento Electoral Xeral da USC (art. 54) sinalan que todos os doutores son membros dos consellos de departamento, sen fixar ningunha restrición vencellada coa categoría ou adicación do docente.

Solicitado informe á Secretaría Xeral da USC, no mesmo exponse:

“Prácame informalo das seguintes actuacións acordadas pola Comisión Electoral Central (CEC):

A CEC, na súa sesión do 1 de abril, acordou o inicio do proceso para a elección de representantes de Restantes Categorías de PDI e do Persoal Investigador en Formación e dos representantes do PAS nos Consellos dos novos departamentos, aprobando a correspondente convocatoria.

Na tramitación do procedemento advertíronse problemas técnicos, principalmente, sobre a confección definitiva dos censos de representantes de Restantes Categorías de PDI e do Persoal Investigador en Formación, que derivaron na celebración dunha sesión extraordinaria da CEC o día 22 de abril, na que se acordou interpretar a expresión «os doutores membros do Departamento» recollida nos artigos 104, apartado 1, alínea a) dos Estatutos e 56 do Regulamento Electoral Central, como comprensiva daquelas persoas que “son membros do Departamento pola súa condición de doutores, debido a que a súa vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela presupón como requisito necesario a posesión dese grao académico”.

Co fin de asegurar a continuidade do procedemento e, ao tempo, de dar as garantías legais aos electores/as e elixibles, decidiuse abrir un prazo extraordinario de revisión dos censos (do 26 ao 29 de abril, ambos inclusive), para os profesores/as que en virtude do acordo pasaban do sector I ao sector II.

Porén, as reclamacións presentadas amosaban unha diferente forma de actuación e de interpretación dos departamentos no que atinxía á composición dos seus órganos colexiados, razón pola cal a Comisión Electoral Central, na sesión extraordinaria do pasado 2 de maio, acordou a retroacción das actuacións en aras dunha correcta elaboración do censo do sector afectado, e a non proclamación provisional dos candidatos/as que estaba prevista para ese mesmo día.

Finalmente, e tras constatare a persistencia da confusión da composición dos citados censos, a Comisión Electoral Central, na súa reunión extraordinaria do 12 de maio, adoptou os seguintes

ACORDOS:

Primeiro: A anulación da convocatoria electoral pois os problemas referidos no procedemento impedirían a proclamación dos candidatos/as para o día 15 de xuño, data de constitución dos novos departamentos.

Segundo: Instar ao Consello de Goberno para que adopte un acordo sobre a composición transitoria dos Consellos dos novos departamentos, froito da fusión dos Consellos dos departamentos que se están a extinguir.

Terceiro: Instar ao Equipo de Goberno para que promova o axeitado desenvolvemento do artigo 56 do Regulamento Electoral Xeral nas instancias competentes.”

Q 1604/05

Foi presentado un escrito por unha integrante do PDI expoñendo uns feitos que poden dar lugar ao inicio do “*Protocolo de prevención e resolución de procesos de acoso psicolóxico nas relacións laborais*”.

Polo que se dá traslado do mesmo para a súa valoración á Oficina de Xestión do Servizo de Prevención de Riscos.

Con posterioridade dende o Servizo de Prevención de Riscos comunican ter decidido realizar unha avaliación psicosocial do Departamento.

Q 1604/06

Escrito presentado por unha alumna referido á denegación dunha solicitude de bolsa predoutoral.

Comunicaselle á alumna que analizando o expresado no seu escrito e o recollido na convocatoria o que se aprecia é que lle están a aplicar os criterios establecidos na mesma, que de non estar conforme cos mesmos a debería ter recorrido no seu momento, e que non se está a conculcar ningún dereito, polo que non pode ser admitido a trámite o seu escrito como unha queixa.

Q 1605/01

Recibiuse nesta Institución un escrito presentado por unha alumna no que se manifesta ter problemas co desenvolvemento da súa tese de doutoramento derivados da esixencia dalgúns requisitos e o remate de prazos.

O Sr. director do Departamento informou que o proxecto de tese foi rexeitado pola Comisión Académica debido ao baixo rendemento amosado e xustificando no informe elaborado pola directora e o titor da tese no que se indicaba:

Desde el inicio de las actividades, en Septiembre de 2013, he tenido diversas reuniones de trabajo con la alumna con el fin de explicar contenidos, asesorar acerca de la búsqueda de información, planificar temporalmente el trabajo, etc., y, de esa manera, pudiese recopilar y elaborar paulatinamente información y datos para la elaboración de la tesis. Asimismo, y propiciado por la propia alumna, se elaboró un calendario de trabajo con la colaboración de la alumna, y que la propia alumna no fue capaz de cumplir, ni siquiera de iniciarlo. Además de esta circunstancia, y a pesar de haberle sido ofrecida una tutorización frecuente para incrementar la producción, sus períodos de ausencia eran prolongados (en alguna ocasión cercanos a los 6 meses) y hacían inviable un ritmo de trabajo adecuado para este tipo de proyectos.

En cuanto a la producción de la alumna, en el mes de marzo (2016), tras dos años y medio, la cantidad de información aportada por la alumna no superaba la media docena de páginas y la calidad era ínfima, sin contar con algunos borradores entregados como de elaboración propia y siendo rechazados por ser evidentes plagios.

Después de dos años y medio, y dado este pobre balance productivo, la Directora y yo, como Tutor, concluimos que es muy difícil, por no decir imposible, que la alumna complete su proyecto de tesis en el tiempo estimado. Con esta información, tanto la Directora como yo coincidimos en que este proyecto debía ser rechazado, y así se lo he comunicado a la propia alumna el pasado viernes, 4 de marzo de 2016, en la reunión de trabajo que teníamos planificada.

Polo que non se aprecia que se teña conculcado algún dereito e non procede admitir a trámite a queixa.

Q 1605/02

En relación cun escrito no que se indicaba:

A presente reclamación ven derivada polas Eleccións ao Claustro Universitario que se celebraron onte. Varias compañeiras e compañeiros non puideron votar polo simple feito de ter un contrato predoutoral. A resposta que se deu dende a USC foi a seguinte:

"Nas eleccións de departamentos está censada no sector de estudantes de doutoramento (que non participan, xa que non se elixe este sector), e nas eleccións de Claustro, figura censada como Outro PDI, xa que consta que ten un contrato predoutoral. En conclusión, non participa en ningún dos dous procesos convocados na actualidade, tal e como figura na consulta da web electoral".

Deste xeito, todos aqueles estudantes predoutorais que teñan a fortuna de contar cun contrato de calquera tipo na USC, non teñen o dereito de elixir aos seus representantes nas urnas.

Infórmase á presentadora do escrito que segundo o establecido no Regulamento Electoral Xeral da USC, art. 3.b) son electores:

Artigo 3. Electores

Son electores, sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos para cada elección e figuren inscritos no correspondente censo electoral ou formen parte do órgano elector:

b) Os membros das restantes categorías de persoal docente e investigador descritas no artigo 12 dos Estatutos da Universidade. En particular, teñen tal consideración:

.../- O persoal investigador en formación.

E os colexios electorais quedan conformados:

Artigo 5. Colexios electorais Os colexios electorais estarán integrados por:

b) Nas eleccións de representantes no Claustro Universitario, o conxunto de electores da comunidade universitaria, segundo o disposto no artigo 75 dos Estatutos da Universidade.

E por outra banda o art. 75 dos Estatutos da USC indica no seu apartado 3:

3. O colexio electoral do sector II estará formado polas seguintes categorías:

h) Persoal investigador en formación.

Dado que a convocatoria electoral á que fai referencia só era para o colexio electoral do sector III (Estudantado) e o colectivo indicado (Persoal investigador en formación) pertence segundo a normativa citada anteriormente ao sector II, non se aprecia que se teña conculcado ningún dereito como membro da comunidade universitaria polo que non se pode admitir a trámite a queixa.

Q 1605/03

Foi presentado un escrito por un membro do PDI en relación coa resolución de concesión dunha licenza por investigación. No escrito expón:

Se me ha concedido una beca "Salvador de Madariaga" del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte para la realización de una estancia de cuatro meses en otra Universidad, durante los meses de Junio a Septiembre.

Uno de los meses se corresponde con el mes de vacaciones a que tengo derecho, por lo que la licencia a la USC la pido por tres meses, en la creencia de que para disfrutar de mi mes de vacaciones no debo solicitar ninguna licencia, y de hecho, en principio, he decidido pasarlas investigando en la otra Universidad. Para facilitar el proceso he solicitado el cambio de vacaciones del mes de agosto al de septiembre, de modo que la licencia se pide por tres meses consecutivos.

A pesar de explicar esta situación detalladamente al vicerrectorado y al servicio de gestión de PDI, he recibido la concesión de una licencia de cuatro meses, con el consiguiente decremento de mis retribuciones. Considero que dicha resolución no se ajusta a la normativa vigente ni a lo solicitado por mi.

Adicionalmente, según esta resolución, no podré disfrutar oficialmente de mi mes de vacaciones este año. Mi área está muy cargada de docencia y no es posible encontrar un docente que cubra un posible cambio de vacaciones.

O informe solicitado á Vicerreitoría de organización Académica e PDI indicaba o seguinte:

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte concedeu a estada polo período que abrangue dende o 1 de xuño de 2016 ata o 30 de setembro de 2016, polo que a licenza para os efectos de docencia e

investigación foi outorgada polos catro meses indicados. En ningún momento comunicouse a autorización de modificación das datas da estadia concedida polo Ministerio.

En relación a imposibilidade indicada de gozar das súas vacacións, cabe sinalar que precisamente ao ser un dereito irrenunciabile, non se lle está denegando senón que se lle indica que deben de ser disfrutadas fora do período de licenza concedida. A este respecto cabe sinalar que a área de coñecemento a que pertence o profesor, ten unha capacidade lectiva neta de + 282,9 horas polo que podería facerse cargo da docencia o profesorado da área de docencia no mes de goce das vacacións.

Q 1605/04 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa asinado por cinco docentes membros dun Departamento en relación coa non modificación do POD para a incorporación das horas lectivas correspondentes á titorización de TFG e das Prácticas Externas. No escrito expoñen:

En los 3 últimos cursos nuestro Departamento no nos viene imputando las horas docentes correspondientes a la dirección de Trabajos Fin de grado ni la tutorización y supervisión de la Prácticas Externas de Grado, en Empresas e Instituciones.

Esto hace que dichas horas docentes no nos consten a ningún efecto, como acreditaciones, solicitud de proyectos, etc. etc.

Ante esta situación, el grupo de profesores abajo firmantes, presentamos sendas reclamaciones a la Secretaría General y al Vicerrectorado de Profesorado, y este último órgano emitió la Resolución que se adjunta y sin que a día de hoy se haya corregido la situación porque el Departamento se niega a aplicar dicha Resolución.

Tendo en conta o tempo transcorrido entre a resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e PDI e a aparente inacción da Dirección do Departamento ata a data de hoxe, *recomendo que se adopten as medidas que sexan precisas para dar efectivo cumprimento por parte da Dirección do Departamento ao recollido na Resolución de data 29/12/2015 da Vicerreitoría de Organización Académica e PDI.*

En relación coa anterior recomendación o Sr. vicerreitor de Organización Académica e PDI comunica que con data 18/05/2016 enviou ao director do departamento un escrito polo que se lle require formalmente para que no prazo de tres días proceda a execución da resolución.

Con posterioridade dende o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica informan que se da por pechada a queixa ao enviar o Director de departamento todas as solicitudes de modificación de POD pendentes de tramitar e correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016 que por outra parte foron aprobadas pola Vicerreitoría.

Q 1605/05 => Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna graduada en Lingua e Literatura Inglesas, en relación co nivel de competencias lingüísticas recoñecido aos estudantes que cursan dita titulación. No escrito pon de manifesto que:

- Con data 24/10/2014 lle é expedido o seu título de Grao recoñecéndolle un nivel de competencia lingüística equivalente a un B1 consonte ao Acordo do Consello de Goberno do 31/10/2013 e as R.R. do 13/12/2013 e de 24/02/2014.

- Con posterioridade realízase unha modificación da normativa mediante a resolución reitoral de data 05/06/2015 que derroga as anteriormente citadas e recoñece para o Grao en Lingua e Literatura Inglesas (Maior) un nivel C2 de competencia lingüística.

Así, pode apreciarse unha posible discriminación para os Graduados en Lingua e Literatura Inglesas. Pois a acreditación da competencia lingüística non é en función dos seus coñecementos e competencias adquiridas, senón exclusivamente condicionada a que a data na que teñan expedido o seu título sexa anterior ou posterior á resolución reitoral do 05/06/2015.

Feitas xestións perante o decanato da Facultade indicounos que a Secretaría Xeral era xa coñecedora da problemática descrita e que estaba procurando unha solución ao respecto.

Por iso *recomendo que se efectúen definitivamente as actuacións necesarias que eliminen as diferenzas postas de manifesto.*

Con posterioridade dende a Secretaría Xeral comunican ter realizado a seguinte actuación ao respecto:

“.../prácame indicar que con data do 9 de xuño de 2016 foi publicada a Instrución nº 3 desta Secretaría Xeral na que no seu apartado “terceiro” in fine xa se establece que “poderanse inscribir recoñecementos de coñecemento de nivel de idioma nos expedientes con posterioridade a data do depósito do título.

A citada Instrución pode consultarse no seguinte enlace:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/1190/carga.htm>

Con esta publicación entendemos que se da por cumprida a recomendación realizada.”

Q 1605/06

Foi presentado un escrito polo Sr. director dun Departamento en relación coa *Normativa de Planificación Académica Anual 2016/2017*. No escrito expón:

Co presente escrito o departamento da USC solicita que se revise un factor que pode distorsionar a adecuada distribución de cargas lectivas na elaboración do POD. En concreto, consideramos que as normas relativas ao Recoñecemento da actividade investigadora polo que se refire a proxectos de investigación, regulación recollida no punto 7, apdo. b da Normativa de planificación académica anual 2016-2017 (aprobada en consello de goberno o 10/03/2016) sen diferenzas con respecto a como se ven recollendo en documentos paralelos xa desde hai algúns anos, se prestan pola súa forma a usos que se poden considerar viciados e poderían mesmo constituír posibles fontes de conflito.

Coa regulación en cuestión o que acaba ocorrendo na práctica é que dependendo da necesidade que teñan os distintos membros dun equipo de beneficiarse das reducións horarias asociadas, así se fará o reparto. Hai quen non ten necesidade de ulteriores reducións, ben porque xa está no máximo de horas posible, ou porque ten capacidade docente limitada polo colectivo ao que pertence, pero o resto dos membros do equipo, de acordo co criterio do investigador principal, pode acceder a un número máis amplo ou máis reducido de horas segundo as súas conveniencias para o POD. As diferenzas que se xeran así van no noso departamento este ano, e para o mesmo tipo de proxectos (estatais), de 60 a 0 h recoñecidas, dependendo dos proxectos, tanto en investigadores principais como en membros dos equipos.

Creemos que a Universidade como institución debería mellorar esta normativa e determinar inequivocamente o recoñecemento de horas equivalentes que poda corresponder a quen participe nun proxecto de investigación, ademais de en razón do tipo de proxecto (autonómico, estatal, internacional, coordinado), o que se fai agora, en razón do tipo de participación (investigador principal ou membro do equipo, a tempo completo ou a tempo parcial) e doutras consideracións que podan parecer pertinentes

(por exemplo, é máis difícil e, polo tanto, un factor máis para ter en conta, conseguir financiación para proxectos con menos números de membros, aínda que iso pode cambiar en razón das convocatorias).

Sería conveniente buscar uns máximos de horas recoñecidas segundo o tipo de participación no proxecto, que aseguren certa equidade entre o traballo e a compensación, e limitar a arbitrariedade que supón o sistema actual de reparto.

Solicitámoslle por tal razón que promova a revisión da regulación en cuestión cara á elaboración do Plan de Organización Docente do ano próximo (2017-2018).

O mesmo non foi admitido a trámite como unha queixa ao entender que non reúne os requisitos formais necesarios, baseándose nos seguintes aspectos:

- Estase a cumprir o acordado na *Normativa de planificación académica anual*, aprobada en Consello de Goberno o 10/03/2016.
- A situación descrita no escrito non se aprecia que supoña unha conculcación dun dereito, senón que o mesmo expresa a desconformidade cun apartado (7.b) da *Normativa de planificación académica anual 2016/17* ou en todo caso considera que a mesma é susceptible de ser mellorada.

Informándolle que entendemos debería canalizar a súa suxestión a través das canles adecuadas, como son os representantes do PDI e/ou dos Directores de Departamento no Consello de Goberno, así como os representantes sindicais do PDI no que respecta á negociación de condicións de traballo.

E damos traslado do escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e PDI por se considera oportuno ter en conta o indicado no mesmo no desenvolvemento da próxima normativa.

Q 1606/01

Foi presentado un escrito por un alumno de Grao no que se sinala de xeito resumido:

- Que se presentou ao exame dunha materia. Neste sentido manifesta que entrou no exame e ten a plantilla de respostas.
- Que a súa cualificación non foi comunicada polo que fixo xestións ante os profesores da materia.
- Que no transcurso da revisión constatouse que o seu exame non aparece e en que se produciron unha serie de incidentes cos profesores.

Efectuadas distintas reunións coa Sra. secretaria xeral da USC para analizar a problemática descrita e facer un seguimento das actuacións que se estaban a realizar ao respecto, remíteselle un escrito ao alumno indicando:

1.- Que debe enviar escrito al Sr. Rector de la USC solicitando la realización de una nueva prueba conforme a lo establecido en el artículo 7.4 de la Normativa de Evaluación del rendimiento académico de los estudiantes:

4. No caso de que desapareza (perda, roubo...) o material dunha proba antes de finalizar o prazo de revisión, e sen que o alumnado exercerse este dereito, o alumno poderá solicitar a realización dunha nova avaliación. Neste caso o profesor procurará que o alumno teña facilidades (flexibilidade nas datas de exame, tipo de exame, etc.) para a realización desta avaliación especial.

2.- Respecto a la posibilidad de realizar el período de prácticas fuera de Santiago de Compostela, debe lo más urgente posible, enviar una solicitud de cambio dirigida al Sr. decano de la Facultad y también al Sr. Rector de la USC.

Por último decirle, que respecto al escrito de recusación que tenía presentado, nos comunican que se le ha enviado la correspondiente contestación.

Q 1606/02 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa asinado por 234 estudantes dunha Facultade no que manifestan a desconformidade co procedemento de avaliación seguido nunha materia, no que expoñían:

Tras una reunión mantenida con nuestros delegados, el profesor, coordinador de la asignatura, nos informó de que el examen solo supondría un matiz para la nota final, pues tal y como recoge el programa de la asignatura, el examen representa un 40% de la nota final y, vistos los resultados, no ha sido así.

.../

como casi todos partíamos de un 10 en la nota de prácticas asignadas por nuestros tutores, decidió no tenerlas en cuenta y que la nota fuese la obtenida en el examen, cuando en condiciones normales esta nota es un 60% de la calificación final, conformando la nota del examen el 40% restante (así viene recogido en el programa). A algunos de los alumnos les dijo que había subido 1 punto a la nota del examen, a otros les dijo que 1.5 y a otros que no había subido nada.

Por outra banda hai que sinalar que a programación docente/guía docente da materia para o curso 2015/2016 aparece publicada, e aprobada polos órganos correspondentes, aparentemente, segundo se recolle no escrito de queixa, non se está a cumprir pois non se teñen en conta as cualificacións obtidas polo alumnado do seu titor no desenvolvemento das prácticas.

É preciso salientar que no curso 2014/2015 téñense presentado nesta Institución dúas queixas en relación co incumprimento do sistema de avaliación establecido na programación da mesma materia. Poñéndose así de manifesto a reiteración no citado incumprimento en dous cursos consecutivos.

A Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes indica ao respecto:

Artigo 3. Criterios de avaliación.

1. Os criterios de avaliación deberán ser públicos, coherentes cos obxectivos e metodoloxía da materia, e formativos.
2. Os estudantes serán avaliados unicamente de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia ou guía docente.../

Por iso recomendo que se adopten as actuacións necesarias para garantir que se cumpre o establecido na Normativa e que o alumnado da materia sexa avaliado segundo o sistema de avaliación establecido para o curso 2015/2016 na programación docente/guía docente da materia.

E que as actuacións que se adopten en relación coa presente recomendación se efectúen coa maior celeridade posible, tendo en conta a altura do curso académico e a proximidade da segunda oportunidade de avaliación na citada materia.

Con posterioridade o Sr. director do Departamento manifesta terse emendado a situación que motivaba a presentación da queixa.

Q 1606/03

Foi presentada unha queixa por un alumno referida ao proceso de avaliación e cualificación nunha materia dun Grao.

No informe solicitado a Sra. decana da Facultade indica o seguinte:

“1. Os criterios xerais de avaliación figuran expostos no programa da materia. Con anterioridade á celebración do exame oficial e tamén dunha proba liberatoria, estes criterios foron puntualizados polos profesores sinalando que o exame estaba estruturado en tres partes (teoría, práctica A e práctica B) , e que en cada unha delas era necesario acadar unha mínimo para poder superar a materia.

2. O alumno non acadou o mínimo necesario na parte práctica B (0,9 puntos sobre 7) en ningún dos dous escenarios posibles en relación ao correo electrónico remitido pola profesora ao alumno, que é considerado por este como un dos elementos esenciais da reclamación e que os profesores manifestan que "foi un erro":

- Escenario 1: o correo electrónico é erróneo. A cualificación da práctica B sería de 0,1 puntos sobre 7 (mínimo para aprobar 0,9) .
- Escenario 2: o correo electrónico é correcto. A cualificación da práctica B sería de 0,77 puntos sobre 7 (mínimo para aprobar 0,9).

Por todo o anterior, considero que o alumno non sufriu trato discriminatorio nin arbitrario en relación ao proceso de avaliación da materia.”

Q 1606/04 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación co desenvolvemento da proba de avaliación dunha materia na que ten solicitado amparándose no establecido no art. 4.2 da Normativa de Permanencia ser cualificada por un tribunal.

Unha vez analizada a situación e ante a posibilidade indiciaria de que se estivera a incumprir a normativa da USC, solicitouse que de maneira cautelar se suspenda a convocatoria do exercicio correspondente a dita materia establecida para o día 1 de xullo de 2016 ao obxecto de dirimir con precisión as circunstancias que concorren no procedemento denunciado pola citada alumna. Suspensión que foi acordada pola Secretaría Xeral da USC con data 30/06/2016.

A alumna no presente curso académico examinouse da primeira oportunidade mediante a convocatoria adiantada de fin de carreira. Rendeu exame só da Parte II correspondente a dita materia.

A oportunidade da que vai render exame e ser cualificada mediante un tribunal, correspóndese á segunda oportunidade ou recuperación da realizada mediante fin de carreira, e polo tanto considérase que debería ser examinada dos mesmos contidos da materia que non superou na primeira oportunidade.

Por iso *recomendo que o tribunal encargado de cualificar á alumna segundo o establecido no art. 4.2 da Normativa de Permanencia a examine da Parte II da materia e faga un exame o máis similar e equilibrado posible ao feito polos seus compañeiros en virtude da analoxía ao establecido no art. 6.3 da Normativa de avaliación.*

Finalmente a alumna foi avaliada conforme ao establecido na recomendación.

Q 1606/05 => Recomendación

Escrito presentado por un profesor en relación co proceso de asignación de matrículas de honra en materias compartidas polas titulacións de grao e de dobre grao. No mesmo expón:

Supoño que este mesmo caso se ten dado noutras materias ofertadas nas que coinciden estudantes de graos dobres con graos simples pero, e esta é a miña solicitude, esta posibilidade, de que o número de

matrículas de honra se reparta dun xeito global entre todos os alumnos matriculados na materia independentemente do título que estean a cursar non é evidente para o profesorado responsable que se atopa que o sistema de actas fai unha división da matrícula por títulos. Isto crea situacións de prexuízo para estudantes con cualificacións que os fan candidatos a matrícula pois ante a imposibilidade técnica de conceder estas matrícula no sistema de actas electrónicas fica a iniciativa do profesorado da materia explorar a posibilidade desta opción a través dun método alternativo do que descoñecen a priori a súa existencia e que ademais é moito máis complexo. Ante este escenario é moi posible que o profesorado opte por non conceder matrícula de honra a estudantes que obtiveron cualificacións merecentes dela. É por isto polo que me poño en contacto con vostede por se puidese ter a iniciativa de instar a que dende a reitoría se poñan os medios para remediar isto e se informe de xeito preciso ó profesorado sobre cal é o xeito adecuado de proceder ante estas situacións.

Do indicado no escrito apréciase que o profesorado da USC pode ser descoñecedor do proceso de asignación de matrículas en casos como o descrito, e máis aínda do método alternativo ao habitual para levalo a cabo.

Por iso recomendo que se adopten as medidas necesarias para que:

- *Na medida do posible se simplifique o procedemento de concesión de matrículas de honra en materias compartidas por máis dunha titulación.*
- *Se informe ao profesorado da posibilidade de concesión de matrículas de honra en situacións como a que describe a queixa.*

Dende Secretaría Xeral comunican a vontade de adopción de medidas no sentido que expresa a recomendación.

Q 1606/06 => Recomendación

Foi presentado un escrito no que se demanda unha actuación motivada pola posible coincidencia física nun programa de estudos de dúas persoas que estiveron inmersas nun proceso xudicial.

Solicitouse un informe ao Sr. coordinador do Programa de estudos do que se conclúe que:

- *Feita a selección dos 20 interesados/as as persoas en cuestión non están seleccionadas para participar no citado Programa. Unha delas atópase na cota de suplentes por se algún dos seleccionados declinaba ou non formalizaba o compromiso de participación. O que non aconteceu. E a outra nin sequera entrou nesta cota.*
- *Moitas das actividades que se desenvolven no Programa son de carácter público.*

Unha vez analizada a situación e aínda que á vista do exposto anteriormente a posibilidade de concorrencia das dúas persoas é escasa, consideramos oportuno seguindo as consideracións da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor, efectuar a recomendación de que na medida do posible se adopten as medidas que estime oportunas para que, de selo caso, as dúas persoas non teñan coincidencia física no desenvolvemento das actividades do Programa.

En relación coa recomendación efectuada o Sr. coordinador do Programa informa que “foi modificada a resolución de participantes”. Constatándose que a participante que motivaba a queixa xa non se atopa entre as persoas candidatas seleccionadas.

Q 1607/01 => Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno de Grao en relación co procedemento de avaliación nunha materia. No escrito expón que:

- O exame foi realizado o día 31/05/2016.
- A publicación da cualificación foi efectuada o día 20 de xuño.
- A data establecida para a revisión das cualificacións polo alumnado estableceuse para o día 21 de xuño ás 12:00 h.

Á vista do mencionado no informe solicitado ao profesor da materia pódense apreciar algúns incumprimentos do establecido na *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*. Concretamente no referido á demora na comunicación dos resultados da avaliación (art. 7), suficientemente xustificado pola avaría da máquina correctora, e á data establecida para a revisión de cualificacións (art. 8.2).

Por iso, *recomendo que se recorde ao profesor da materia obxecto da presente queixa o que establece ao respecto a Normativa de Avaliación:*

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

Artigo 7. Comunicación de resultados da avaliación.

1. Os estudantes teñen dereito a coñecer os resultados das probas parciais e finais que realicen, segundo o sistema de avaliación previamente establecido, nun prazo razoable que, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas ante a dirección do centro, será inferior a 15 días naturais desde a data de realización da proba. Tales resultados deben coñecerse con suficiente antelación, e nunca con menos de tres días antes da realización dunha nova proba ou convocatoria de recuperación.

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

1. O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.

2. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. O prazo para a revisión non poderá ser inferior a tres días contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en dúas datas opcionais e con horarios alternativos, e que sexan un instrumento útil para que o estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. O director do centro garantirá que todo o alumnado que o desexe poida revisar o exame nas datas establecidas polo profesores.

O Sr. decano da Facultade informa que procedeu a dar traslado da recomendación ao profesor responsable da materia.

Q 1607/02

Queixa referida á adaptación das Probas de Acceso á Universidade en atención á diversidade.

Solicítase un informe ao Sr. presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) no que indica as actuacións levadas a cabo na convocatoria ordinaria da PAU de xuño e que basicamente consistiu na adaptación dos tempos para a realización dos exames.

Á vista do indicado no informe e da entrevista mantida co Sr. presidente da CiUG envíaselle a seguinte comunicación:

Respecto á situación e necesidades de adaptación da proba de selectividade do alumno..., considero que sería importante que dende a CiUG se recordase ao tribunal correspondente a necesidade de flexibilizar as condicións da proba, segundo as adaptacións curriculares cursadas no centro, para garantir que o alumno poida realizar os exercicios nas debidas condicións de igualdade.

Temos constancia da superación das PAU na convocatoria de setembro por parte do alumno.

Q 1607/03

Queixa presentada por un alumno en relación con distintos aspectos da docencia e avaliación nunha materia dun Grao, na que basicamente manifesta o seu descontento co profesor e a materia.

Solicítase un informe á Sra. decana da Facultade quen comunica ter respostado nun detallado escrito ás cuestións expostas polo alumno e nas que manifestaba descontento: deseño plano de estudos, contido da materia, docencia, avaliación, guía docente, control de asistencia, etc.

Q 1607/04 => Recomendación

Queixa presentada por un usuario, referida á accesibilidade do Museo de Historia Natural da USC para as persoas con discapacidade visual,

Analizada a información que nos ten trasladado a Sra. directora do Museo, efectúase unha recomendación á Dirección do Museo de Historia Natural da USC para que implementen as medidas adecuadas para que se faga visible a través das canles informativas que ten o Museo a posibilidade de visita por parte de persoas con distintas discapacidades, e da adaptación da visita, na medida das posibilidades, na procura de que sexa axeitada, así como o procedemento que teñen que seguir os visitantes para elo.

Con posterioridade a Dirección do Museo de Historia Natural comunica que a recomendación foi recollida na páxina web do Museo do seguinte xeito:

“Existe a posibilidade de atención adaptada a grupos ou persoas individuais con diferentes discapacidades. Para elo deberá facerse unha solicitude previa, ben por teléfono ou correo electrónico. O Museo comunicará, se cos recursos dispoñibles, é posible atender a solicitude.”

3.- CONCLUSIÓNS

Antes de presentar as conclusións é obrigado o meu recoñecemento en canto ao compromiso en xeral tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do mandato normativo amosaron sempre unha completa dispoñibilidade.

Malia o problema da falla de asistencia por parte dos representantes do alumnado, é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos restantes membros da Comisión de Asesoramento e Axuda e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria. Durante este curso ademais das reunións ordinarias, nunha ocasión exerceu o seu labor a requirimento do Valedor para debater sobre unha queixa que polas súas características este Valedor quería coñecer o seu parecer.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola a súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso 2015-2016 presentáronse un total de 62 queixas. Destas, houbo 4 que non foron admitidas a trámite por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria.

Na páxina 70 desta memoria preséntase unha táboa coas queixas recibidas categorizadas por temas. Esta é unha clasificación estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén é necesario salienta que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 5 temas que abranguen una boa parte das queixas presentadas e que supoñen case o 60% (58,06%). De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1.- 3º ciclo, posgrao e formación continua. Neste tema agrúpanse diferentes queixas. Malia a súa incidencia non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que en xeral as queixas fan referencia a cuestións puntuais, que sen dúbida precisan corríxirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. En concreto 1 queixa se refire a cursos de formación, 3 están relacionadas co doutoramento e 5 con máster, ben con aspectos académicos ben administrativos. Cómpre subliñar que estes problemas unha vez detectados foron solucionados nun tempo razoable dependendo das características da queixa.

2. Servizos a Comunidade Universitaria. É necesario ter en conta que esta é unha categoría moi ampla na que se inclúen todo tipo de servizos que presta a USC. Isto implica que a súa incidencia non sexa alarmante. Como no caso anterior non existe ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, trátase de cuestións moi puntuais, que foron oportunamente solucionadas. Hai que precisar que o grao de atención ás solicitudes de mellora formuladas dependeu en boa medida dos recursos dispoñibles.

3. Matrícula e outros procedementos. Un número significativo de queixas refírense ao tema de proceso de matrícula e procedementos de xestión académica. En xeral as queixas fan referencia a problemas derivados da aplicación informática, oferta de prazas ou aspectos económicos. Unha vez detectados e analizados os problemas a Universidade procedeu a facer as correccións oportunas para solucionarlos, ou ben para mellorar na medida do posible estes procedementos, evitando así no futuro as disfuncionalidades observadas.

4. Planos de estudo e recoñecementos. Neste ámbito aprécianse certas disfuncións que están relacionadas con dúas cuestións. En primeiro lugar, dificultades para o recoñecemento de créditos, competencias ou cursos e, en segundo lugar, problemas derivados da extinción das Licenciaturas. É previsible que estes últimos vaian desaparecendo en función do remate definitivo deste proceso.

5. Avaliación académica. Malia que o curso pasado fíxose unha recomendación e de que temos constancia de que por parte dos diferentes órganos con competencias en temas de docencia se intentan solucionar estas cuestións, un curso máis dende que son Valedor da Comunidade Universitaria desta Universidade, aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións de avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas) relacionadas coa non aplicación de criterios de avaliación, cambio dos mesmos ao longo do curso, incumprimento de prazos, non observancia de procedementos establecidos...

Unha vez máis quero compartir a reflexión de que os problemas de descoñecemento e/ou incumprimento da normativa só poderán superarse si todos nos implicamos no seu cumprimento, e sobre todo na normalización do seu uso, conseguindo que todos os membros da comunidade universitaria se sintan protexidos na defensa dos seus dereitos.

No texto co termo “**Recomendación**” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 19 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Todas as recomendacións foron aceptadas, en 16 casos xa se rematou o procedemento mentres que en 3 aínda está en marcha a execución da recomendación. 18 das recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor e 2 das 18 foron compartidas coa Valedora do Pobo ao terse presentado tamén a queixa na súa oficina. A restante é unha recomendación de oficio sobre a conciliación que polas súas características paga a pena salientar.

Os cambios sociodemográficos que se veñen producindo xunto co máis recente empeoramento da situación económica, teñen provocado cambios nos valores e comportamentos para poder adaptarse mellor ás novas necesidades. Exemplos disto poden ser o cambio a familias máis extensas o que implica obrigas referidas ao coidado de familiares, o aumento da necesidade de compaxinar traballo e estudo para poder facer fronte ao seu custo ou a necesidade de formación para poder introducirse e/ou competir no mercado laboral.

As Universidades como servizo público non poden permanecer alleas a estas novas situacións e teñen que reflexionar sobre elas, telas en consideración e adoptar medidas que faciliten a captación destes estudantes. Cada vez son máis as Universidades que traballan con este horizonte e a recomendación do Valedor, formúlase precisamente neste sentido.

Por último dende a perspectiva institucional, o Valedor da USC, como ven sendo habitual, participa na Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade. Neste sentido, en outubro do 2015 tivo lugar en Madrid, organizado pola Univesidad Europea, o XVIII Encontro Estatal de Defensores no que se trataron os seguintes temas:

- * Problemática dos TFG e TFM.
- * Dereito de petición, responsabilidade e axilidade na tramitación dos asuntos na administración universitaria.
- * Responsabilidade disciplinaria e seguridade xurídica.

Cómpre salientar que a CEDU na súa asemblea decidiu elaborar un documento, que aparece no anexo, para o seu traslado ao Goberno e aos grupos parlamentarios sobre a regulación da normativa sobre potestade disciplinaria. Nesta Asemblea o Valedor da Comunidade Universitaria da USC foi elixido para formar parte da Comisión executiva, por un período de 2 anos.



Mantivéronse tamén diversas reunións na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego.

Para rematar, sinalar que dado que certas queixas se presentan simultaneamente ante os Valedores Universitarios e ao Valedor do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas ás Universidades, mantivéronse diversas reunións coa institución autonómica en función do convenio de colaboración asinado no ano 2014, nas que dependendo da xeneralidade do tema participaron os tres Valedores ou o Valedor da USC.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	62
Estudantes:	49
P.D.I.:	11
P.A.S:	1
De Oficio:	1




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 14/15	Curso 15/16
Setembro	19	12
Outubro	6	2
Novembro	4	7
Decembro	3	3
Xaneiro	6	6
Febreiro	4	6
Marzo	5	4
Abril	4	6
Maio	6	6
Xuño	10	6
Xullo	1	4
Agosto	0	0
Total curso	68	62



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	62	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	41	⇒ 66%
2 Meses:	14	⇒ 22%
3 Meses:	1	⇒ 2%
> 3 Meses:	6	⇒ 10%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	2
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	6
AVALIACIÓN ACADÉMICA	6
DOCENCIA	3
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	7
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	9
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	8
ACCESO Á UNIVERSIDADE	2
ÁMBITO LABORAL	3
PRÁCTICAS	3
USO DA LINGUA	1
NORMATIVAS - CONVOCATORIAS	2
XÉNERO-ACOSO	3
PROCESOS ELECTORAIS	2
CONCILIACIÓN	1
DIVERSIDADE FUNCIONAL	2
OUTROS PROCEDEMENTOS	2

5.- ANEXO



La Conferencia Estatal de Defensores Universitarios, reunida en su XVIII Asamblea en la Universidad Europea en Madrid, los días 4, 5 y 6 de noviembre de 2015, quiere manifestar su preocupación por la falta de seguridad jurídica con la que nos encontramos en nuestras Universidades para identificar el marco normativo regulador de la convivencia y el catálogo de las conductas constitutivas de infracción, el procedimiento para afrontar los conflictos personales e institucionales que se producen, así como los medios existentes para ponerles fin.

Esta situación es la consecuencia inmediata de dos hechos. Por una parte, de que cinco años después, la Disposición Adicional Segunda del Real Decreto 1791/2010, de 30 de diciembre, por el que se aprueba el Estatuto del Estudiante Universitario, no haya sido objeto de desarrollo; por lo cual, nuestra institución carece de ley reguladora de la potestad disciplinaria en la que se tipifiquen las infracciones, las sanciones y las medidas complementarias del régimen sancionador para estudiantes de acuerdo con el principio de proporcionalidad, y queda lastrada por la falta de adaptación del procedimiento administrativo sancionador a las especificidades del ámbito universitario. Ambos factores determinan que a día de hoy sea muy difícil garantizar los derechos de defensa del/a estudiante y la eficacia en el desarrollo del procedimiento, sobre todo cuando se constata que ante la falta de desarrollo normativo de ese Estatuto, se debe seguir recurriendo al Decreto de 8 de septiembre de 1954, por el que se aprueba el Reglamento de disciplina académica de los Centros Oficiales de Enseñanza Superior y de Enseñanzas Técnica, con la enorme distorsión que supone la constante actualización y la necesaria “constitucionalización” de sus –en muchos casos– autoritarias previsiones.

Pero por otra parte, la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, tras la modificación que recientemente ha sufrido por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, sigue remitiéndose a una ley de desarrollo del mismo que venga a unificar en su interior el catálogo de infracciones graves y leves, lo que determina que, a día de hoy, exista un único listado de infracciones disciplinarias muy graves para el personal de la Universidad (sea laboral o funcionario) y que, sin embargo, tengamos que recurrir a los convenios colectivos (para el personal laboral –PDI o PAS-) o al ya viejo Real Decreto 33/1986, de 10 de enero, por el que se aprueba el Reglamento del Régimen Disciplinario de los Funcionarios de la Administración del Estado para liquidar la responsabilidad disciplinaria de los/as funcionarios/as públicos/as (PDI o PAS).



Ante esta situación, la Conferencia Estatal de Defensores Universitarios

QUIERE MOSTRAR su preocupación por la falta de una normativa acorde con nuestra sociedad y con nuestra Universidad que venga a regular la convivencia, en el seno de nuestras Universidades, de los colectivos de Personal de Administración y Servicios, Personal Docente e Investigador y Estudiantes,

E INSTA a los GRUPOS PARLAMENTARIOS a que se comprometan en la próxima legislatura a elaborar el Reglamento de desarrollo del Estatuto del Estudiante Universitario –cumpliendo de esta forma con retraso el compromiso adquirido en 2010–, así como a aprobar la ley que venga a regular el catálogo de infracciones graves y leves y sus correspondientes sanciones cuando de empleados/as públicos se trate.

Con ello, contribuiríamos a generar seguridad jurídica en la Universidad y a facilitar la convivencia.

En Madrid, a 6 de noviembre de 2015

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Elena Battaner Moro'.

Secretaria

Elena Battaner Moro

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José Manuel Palazón Espinosa'.

Presidente

José Manuel Palazón Espinosa

